


:

PROXECTO EDUCATIVO
COLEXIO CONCERTADO
LUÍS VIVES
S.COOP.LTDA



INDICE

Análisis de contexto	3
Sinais de identidade	3
Obxectivos xerais	3
Estructura Organizativa	5
Regulamento de Réxime Interno do Centro	13
Plan de Acción Titorial	19
Medidas de Atención a diversidade	36
Plan de Convivencia	49
Proxecto lingüístico	72
Proxecto Lector do Centro	79
Proxecto das tecnoloxias da Información e da Comunicación.....	93

ANÁLISIS DO CONTEXTO

O Colexio Concertado Luís Vives Sociedade Cooperativa Limitada é de titularidade privada, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Está situado na comarca do Eume, no Concello de Pontedeume, provincia de A Coruña. Na capital municipal, Pontedeume, o comercio, o turismo e a pesca son as principais actividades económicas. A poboación total do Concello é de 8.619 habitantes, dos cales 1,80 % é poboación estranxeira. A idade dos pais dos nosos alumnos está comprendida entre os 22 e os 55 anos. O nivel cultural xeral é de estudos primarios. A relixión máis practicada é a católica. A actitude dos pais ante a educación impartida no centro é positiva. Máis do 50% dos pais emprega o galego como lingua cotidiá. As actividades extraescolares máis demandadas son as TIC, idiomas e deportes. O rendemento escolar é máis satisfactorio na educación infantil e primaria ca en secundaria. O centro está adaptado para acoller alumnos con discapacidade física

SINAIS DE IDENTIDADE

Entendemos que os alumnos/as deben estar abertos á situación de cambio que experimenta a sociedade, educándoos na xustiza, solidariedade, tolerancia, respecto e liberdade. O centro maniféstase aconfesional, respetuoso con todas as crenzas e tendencias ideolóxicas e políticas. No centro úsase o galego, fundamentalmente, como lingua de aprendizaxe. Consideramos moi importante o desenvolvemento de valores democráticos. A liña educativa do centro diríxese hacia a igualdade de xénero, respetando sempre a individualidade e a intercomunicación de todos os membros da comunidade escolar. Superar os estereotipos sociais de carácter sexista será unha finalidade educativa do centro. Potenciarase a linguaxe oral e escrita como medio fundamental para aprender en igualdade. A atención á evolución do alumno/a será prioritario en calquera acción educativa emprendida no centro. A educación para a saúde, a educación do consumidor, a educación ambiental, a educación vial, a educación sexual e a educación para o ocio constituirán os eixes educativos básicos

OBXETIVOS XERAIS

- Garantir unha formación integral dos alumnos/as desenvolvemento a súa propia personalidade.
- Adquirir coñecementos que permitan interpretar o entorno máis inmediato e chegar a unha comprensión global da realidade social.
- Potenciar o espírito crítico, a observación e a experimentación.
- Desenvolver as capacidades intelectuais de abstracción e razoamento lóxico.
- Fomentar a lectura e aquelas actividades que potencien a sensibilidade artística.
- Facilitar técnicas de traballo e estudo, tanto individuais como de grupo.

- Reforzar a creatividade e a participación activa do alumnado nos diferentes aspectos da vida escolar.
- Familiarizar a os alumnos coas tecnoloxías da información e comunicación.
- Potenciar a educación para o ocio e tempo libre, a educación vial e a educación sexual.
- Formar os alumnos nos dereitos e deberes dos cidadáns.
- Educar na democracia, na paz e na tolerancia fronte o autoritarismo, a violencia e o racismo.
- Establecer o principio de igualdade, potenciando unha coeducación plena e rechazando valores sexistas.
- Educar na solidariedade cos grupos sociais máis desfavorecidos.
- Profundizar na cultura non consumista
- Inculcar o respecto pola natureza e a conservación do medio natural.
- Valorar a saúde como un ben estable e como un dereito de todos.
- Concienciar aos alumnos/as da necesidade de respetar os bens materiais en xeral e as instalacións do centro en particular.
- Fomentar a participación activa de todos os membros da comunidade escolar nas actividades educativas a desenrolar.
- Favorecer a participación do profesorado nas actividades de formación.
- Potenciar as relacións con outras institucións educativas.
- Promover e facilitar a integración escolar dos alumno/as con NEE.
- Garantir o dereito a unha avaliación do alumnado xusta, obxectiva e democrática.
- Organizar a xestión do centro con criterios de democracia, eficacia e transparencia.
- Potenciar o centro como un lugar de convivencia, comunicación e aprendizaxe.

ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

A) RECURSOS HUMANOS

O profesorado, segunda a súa adscrición os postos de traballo correspondentes, distribúexese da seguinte maneira:

- Dous profesores de educación infantil
- Oito profesores de educación primaria
- Unha profesora de Lingua Inglesa
- Un profesor de educación física
- Un profesor de Música
- Un profesor de Educación Plástica e Visual.
- Un profesor de relixión.
- Un profesor de tecnoloxía
- Unha profesora de Xeografía e Historia
- Un profesor de Lingua francesa
- Unha profesora de Lingua Galega
- Un profesor de Lingua Castelá
- Unha profesora de Pedagogía Terapéutica

Tamen contamos con dúas orientadoras e unha experta en audición e linguaxe.

O P.A.S. está formado por unha limpiadora.

B) RECURSOS MATERIAIS

- Dúas aulas de educación infantil.
- Seis aulas de educación primaria
- Catro aulas de educación secundaria.

- Un ximnasio
- Unha sala de informática
- Un laboratorio
- Unha biblioteca
- Unha aula de audiovisuais
- Unha sala de profesores
- Unha aula de orientación
- Despacho de dirección e Secretaría
- Local da fotocopiadora
- Recibidor país/nais
- Unha aula de audición e linguaxe
- Un salón de actos (actualmente en reformas)
- Un taller de Plástica e Tecnología
- Servizos
- Un pavillón polideportivo cunha parte cuberto

C) ÓRGANOS DE GOBERNO

1. UNIPERSOAIS

O conxunto de órganos unipersoais de goberno do centro constitúen o equipo directivo. Son cargos electivos e a duración do seu mandato e de catro anos, podendo ser renovados por períodos de igual duración.

O DIRECTOR/A

Son competencias do director:

- Representar ao centro
- Dirixir e coordinar todas as actividades do centro, cara a consecución do proxecto educativo e de acordo coas disposicións vixentes, sen prexuízo das competencias do Consello Escolar e do Claustro.

- Visar as certificacións e os documentos oficiais do centro.
- Designar ao Xefe/a de Estudos e o Secretario/a. Nomear os coordinadores de ciclo os xefes/as de departamentos, o coordinador de Normalización Lingüística e aos titores.
- Executar os acordos dos órganos colexiados no ámbito da súa competencia.
- Coordinar a elaboración do proxecto educativo de centro, do proxecto curricular e da programación anual, de acordo coas directrices e cos criterios establecidos pola administración educativa e polo Consello Escolar, e coas propostas formuladas polo Claustro e outros órganos de participación.
- Convocar e presidir os actos académicos, o Consello Escolar, o Claustro, a comisión de Normalización Lingüística, podendo delegar en outros membros do equipo directivo.
- Cumplir e facer cumprir as leis e as demais disposicións vixentes.
- Exercer a xefatura de todo o persoal do centro.
- Favorecer a convivencia no centro e impoñer as corrección que corresponda conforme coa normativa vixente, co Regulamento de reximen interno e cos criterios establecidos polo Consello escolar.
- Garantir o dereito de reunión dos profesores, alumnos/as, pais/nais de alumnos/as e persoal da administración e servizos de acordo coa lexislación vixente.
- Promover e impulsar as relacións do centro coas institucións da súa comarca.
- Proporcionar a información que lle sexa requerida polas autoridades educativas competentes e colaborar en todo o relativo ao logro dos obxectivos educativos do centro.
- Facilitar a adecuada coordinación con outros servizos educativos da zona.
- Coordinar e fomentar a participación dos distintos sectores da comunidade escolar e procurar os medios precisos para a máis eficaz execución das súas respectivas competencias.
- Facilitar a información sobre a vida do centro ós distintos sectores da comunidade escolar.

O XEFE/A DE ESTUDOS

Son competencias do xefe/a de estudos:

- Exercer por delegación do director e baixo a súa autoridade a xefatura do persoal docente en todo o relativo ó réxime académico.
- Substituír ao director nos casos de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións.
- Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación dos profesores e alumnos/as , en relación co proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- Elaborar, en colaboración cos restantes órganos unipersoais, os horarios académicos de alumnos/as e profesores/as de acordo cos criterios aprobados polo claustro e co horario xeral incluído na programación xeral anual, así como velar polo seu estrito cumprimento.
- Coordinar a actividade dos coordinadores de ciclo e dos departamentos.
- Coordinar e orientar a acción dos tutores/as de acordo co plan de acción tutorial.
- Coordinar a participación do profesorado nas actividades de perfeccionamento, así como planificar e organizar as actividades de formación dos profesores/as realizadas polo centro.
- Coordinar a actividade docente do centro, con especial atención ós procesos de avaliación, adaptación curricular e ás actividades de recuperación, reforzo e ampliación.
- Establecer os mecanismos para corrixir as ausencias imprevistas do profesorado, a atención aos alumnos accidentados ou calquera outra eventualidade que incida sobre o normal funcionamento do centro.
- Facilitar a organización dos alumnos/as e impulsar a súa participación no centro.
- Organizar a atención dos alumnos/as nos periodos de lecer.
- Calquera outra función que lle poida ser encomendada polo director/a dentro do ámbito da súa competencia.

O SECRETARIO:

Son competencias do secretario:

- Ordenar o réxime administrativo do centro, de conformidade coas directrices do director.
- Actuar como secretario dos órganos colexiados de goberno do centro, redactar a acta de cada sesión e dar fe dos acordos co visto e prace do director.

- Custodiar os libros e arquivos do centro coa colaboración dos titores/as .
- Expedir as certificacións que soliciten as autoridades e os interesados.
- Calquera outra función que lle encomende o Director dentro do seu ámbito de competencia.

2. COLEXIADOS

O consello escolar, máximo órgano de control, participación e xestión do centro, tendrá como competencias:

- Elexir ao director do centro
- Decidir sobre a admisión de alumnos, de acordo co as normas que regulan os dereitos e deberes dos mesmos.
- Aprobar o proxecto de presuposto do centro.
- Resolver os conflitos escolares e impoñer as sancións correspondentes en materia de disciplina, de acordo co regulamento de réxime interno do centro.
- Aprobar a programación xeral do centro que, con carácter anual elabore o equipo directivo.
- Elaborar as directrices para a programación e desenvolvemento de actividades extraescolares.
- Aprobar o regulamento de réxime interno do centro.
- Supervisar a actividade xeral do centro nos aspectos administrativos e docentes.
- Coñecer a avaliación do rendemento escolar do centro.
- Coñecer as relacións do centro co entorno.

O claustro de profesores/as, órgano de participación do profesorado do centro, asumirá as funcións:

- Programar as actividades do centro.
- Seleccionar os seus representantes no consello escolar.

- Fixar e coordinar os criterios de avaliación dos alumnos/as.
- Coordinar as funcións da orientación educativa e acción tutorial dos alumnos.
- Promover iniciativas no ámbito da investigación e innovación educativa.
- Elevar propostas ao equipo directivo para o desenvolvemento das actividades complementarias.
- Realizar propostas ao equipo directivo para a elaboración da programación xeral anual.

D) ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE ESCOLAR

Contamos coa ANPA, a comisión económica e a comisión de convivencia.

A ANPA entre outras funcións, encargárase do desenvolvemento das actividades extraescolares.

A comisión económica, fundamentalmente informará ao Consello escolar sobre os asuntos económicos do centro.

A comisión de convivencia, terá como funcións:

- Resolver os problemas de disciplina do centro que son estimados como casos leves
- Trasladar os casos estimados como graves ou moi graves ao Consello escolar para a determinación das sancións correspondentes.

E) ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Os equipos docentes, constituídos por profesores que imparten docencia en cada ciclo educativo, estarán dirixidos por un coordinador que asumirá as seguintes funcións:

- Convocar as reunións do equipo, fixar a orde do día e levantar a acta correspondente.
- Unificar os criterios da programación docente
- Proporcionar información de carácter académico aos membros do equipo.
- Coordinar o profesorado para o cumprimento dos acordos adoptados no seno do equipo.
- Representar ao equipo ante outras unidades organizativas.

- Planificar o traballo docente co equipo, mediante unidades globalizadas.
- Analizar conxuntamente a situación xeral do ciclo.
- Potenciar a investigación e innovación educativa.
- Realizar propostas para a elaboración do PCC.
- Avaliar periódicamente o PCC,
- Proponer a adopción de materiais curriculares.
- Proponer e desenrolar actividades de formación do profesorado.
- Custodiar o material didáctico propio e organizar o seu uso.

O equipo de normalización lingüística encargado de impulsar o cumprimento da lexislación en materia de normalización lingüística, contará cun coordinador que deberá:

- Garantir o cumprimento da lexislación en materia de normalización lingüística.
- Potenciar actividades de diversa índole en materia de normalización lingüística.

O departamento de Orientación, parte esencial da ctividade educativa do centro, asumirá funcións tales como:

- Coordinar e asesorar aos profesores/as tutores/as en materia de acción tutorial.
- Asesorar e apoiar os profesores/as no desenrolo dos procesos de ensinanza-aprendizaxe.
- Asesorar aos profesores/as no diseño de programas de técnicas de traballo intelectual.
- Constituir grupos de traballo co fin de compartir experiencias educativas.
- Colaborar cos profesores tutores/as para mellorar as relacións coas familias.
- Axudar aos alumnos/as nos momentos de maior risco e dificultade (ingreso no centro, cambio de etapa ou ciclo educativo, etc)
- Facilitar información aos alumnos/as sobre asuntos académicos diversos.
- Proporcionar aos alumnos/as os reforzos educativos necesarios.

- Contribuír a introducción de metodoloxías didácticas innovadoras no centro.
- Informar aos profesores/as sobre a avaliación psicopedagóxica dos alumnos/as.
- Asesorar os profesores/as en materia de atención a diversidade.
- Detectar problemas ou dificultades de aprendizaxe .
- Orientar ás familias de forma individual ou colectiva para que asuman responsablemente a educación do seus fillos.
- Colaborar na elaboración do PEC, nos seus diferentes aspectos.
- Promover a colaboración con outras institucións educativas.
- Potenciar a formación e desenvolvemento profesional dos profesores do centro.

Está composto por dúas orientadoras e unha experta en audición e linguaxe.

A COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Realizará funcións tales como:

- Establecer as directrices xerais para elaborar e revisar os Proxectos curriculares de etapa, así como dirixilos e coordinalos.
- Asegurar a coherencia entre o Proxecto Educativo do Centro, os Proxectos curriculares e a Programación Xeral Anual, así como proponer ao Claustro a súa avaliación, aprobación e modificacións.
- Velar polo cumprimento dos Proxectos curriculares na práctica docente, así coma su avaliación.
- Propoñer ao claustro a planificación das sesións de avaliación e cualificación
- Elaborar a organización da orientación educativa e o Plan de Acción Titorial.
- Elaborar propostas de criterios e procedementos para as adaptacións curriculares e plans sobre a diversidade do alumnado.
- Propoñer ao Claustro o Plan de formación do profesorado.
- Elevar ao Consello Escolar informes sobre o propio funcionamento, na memoria final.

F) SERVIZOS

Actualmente o centro conta cunha modalidade de servizo de transporte privado con contrato coa dirección do Centro. A empresa de transporte adecúa os seus horarios a os horarios escolares.

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CENTRO

A actividade educativa do centro, basicamente , promoverá:

- ✚ A formación no respecto aos dereitos e liberdades dentro dos principios de convivencia.
- ✚ A formación para o exercicio da tolerancia, a paz, a cooperación e a solidariedade.

Establécense como obxetivos prioritarios:

- ❖ Mellorar a disciplina individual e colectiva de todos os membros da comunidade educativa.
- ❖ Concienciar aos alumnos/as da necesidade do cumprimento das normas que posibilitan a convivencia no centro.
- ❖ Desenrolar a ensinanza nun marco de coeducación, donde estean presentes os principios de igualdade de dereito e non discriminación.

Para alcanzar o anteriormente exposto, establécense uns dereitos e uns deberes dos alumnos/as, unhas normas de convivencia, así como unha graduación de conductas contrarias ás normas de convivencia e outras gravemente perxudiciais ás mesmas.

A) DEREITOS DOS ALUMNOS/AS

- A recibir unha formación que desenrole a súa personalidade
- A igualdade de oportunidades
- A unha avaliación obxectiva.
- A recibir orientación escolar.
- As debidas condicións de seguridade e hixiene
- Á liberdade de conciencia, ao respecto as súas conviccións relixiosas, morais e ideolóxicas.
- Ao respecto a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal.
- A participar na vida e funcionamento do centro

- A liberdade de expresión
- Á utilización responsable das instalacións do centro.
- Á reunión no centro para actividades de carácter escolar ou extraescolar.
- Á participar en calidade de voluntarios/as nas actividades do centro
- A percibir as axudas precisas
- Á asistencia médica e hospitalaria nos termos previstos na lexislación vixente.
- A que a súa aprendizaxe se realice nas debidas condicións de seguridade e hixiene
- A recibir orientación escolar e profesional
- A se asociar creando asociacións, federacións e confederacións, ou en asociacións de antigos/as alumnos/as
- A estar informados da vida do centro polos membros da xunta de delegados e polos representantes das asociacións de alumnos.
- A manifestar a súa discrepancia respecto das decisións académicas que lles afecten; de seren colectivas deberán comunicar a súa queixa a través dos seus representantes

B) DEBERES DOS ALUMNOS/AS

- Asistir ás clases coa debida puntualidade
- Cumprir e respetar os horarios de todas as actividades do centro.
- Prestar a debida atención e respeto na clase.
- Seguir as orientacións do profesorado sobre da súa aprendizaxe
- Respetar o dereito ao estudo dos seus compañeiros/as
- Respetar a liberdade de conciencia, dignidade e intimidade de todos os membros da comunidade escolar
- Non discriminar a ningún membro da comunidade escolar por motivos de raza, sexo, relixión, eiva física ou psíquica , creenzas, etc.
- Coidar do mobiliario e demais material do centro que estea ao seu dispor.

- Respetar as pertenzas dos demais membros da comunidade educativa
- Respetar o PEC do centro
- Participar na vida e funcionamento do centro
- Manter un ambiente de tranquilidade que favoreza o estudo e a aprendizaxe
- Manter a debida hixiene en todas as instalacións do centro
- O pagamento do seguro escolar e responsabilidade civil; de non ser así, o alumno/a quedará excluído das actividades extraescolares.
- Non facer uso do teléfono móbil nas instalacións do centro, salvo permiso excepcional dun profesor/a.

C) CONDUCTAS CONTRARIAS AS NORMAS DE CONVIVENCIA

- Falta de asistencia a clase non xustificada
- Faltas de puntualidade non xustificadas
- Deteriorar o material, o mobiliario e instalacións do centro.
- Incumprir as normas para o uso do material deportivo
- Alborotar en intercambios de clase, entradas e saídas.
- Subir durante o recreo ás aulas sen permiso do titor/a ou profesor/a responsable ou de garda
- Invadir zonas de recreo que non lle corresponde
- Molestar, insultar ou agredir a calquera membro da comunidade escolar
- Uso dos aseos para fins distintos aos establecidos
- Falta de aseo persoal
- Correr dentro do edificio
- Tirar papeis o outro obxectos que non sexa nas papeleiras
- A falta de interese polas actividades escolares
- Non traer os libros, cadernos e demais material curricular á clase así como non vestir a roupa axeitada por Educación Física

- Facer mal uso dun permiso concedido
- Ir aos aseos sen permiso
- Fumar dentro do recinto escolar
- Incumprimento das funcións encomendadas por cargo: delegados/as, representante no Consello escolar, etc.
- A permanencia inxustificada de alumnos nos servizos das alumnas e viceversa
- Calquera outra non recollida neste RRI e que a persoa ou órgano competente considere como falta leve.

Para a corrección destas conductas se establecen as seguintes pautas:

- Amoestación privada ou por escrito (profesores e titor/a do alumno/a).
- Comparecencia ante o xefe de estudos (profesores, titor do alumno e xefe de estudos).
- Realización de traballos en horario non lectivo para a reparación do dano causado (titor de alumno e xefe de estudos).
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias(comisión de convivencia).
- Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días (comisión de convivencia).

D) CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

- Actos de indisciplina, inxurias ou ofensas graves contra os membros da comunidade escolar.
- Reiteración no mesmo curso de conductas contrarias as normas de convivencia.
- Agresión grave física ou moral e discriminación contra membros da comunidade escolar.
- Suplantación de personalidade e falsificación de documentos académicos.

- Danos graves por uso indebido nos locais , material ou documentos do centro ou en bens doutros membros da comunidade escolar.
- Actos inxustificados que perturben o normal desenrolo das actividades do centro.
- Actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal ou á incitación ás mesmas.
- Incumprimento das sancións impostas por faltas leves.
- Comportamentos escandalosos ou obscenos
- A substración de calquera material que ben sexa propiedade do centro ou ben de calquera persoa da comunidade escolar
- Consumo de calquera tipo de droga dentro do recinto escolar
- Calquera outra non recollida neste RRI e que a persoa ou órgano competente considere como falta grave.

Aquí se establecen como pautas de corrección destas condutas:

- Realización de tarefas , no horario non lectivo para a reparación do dano causado (comisión de convivencia)
- Suspensión do dereito á participar nas actividades extraescolares (comisión de convivencia)
- Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases por un período superior a cinco días e inferior a dúas semanas (consello escolar)
- Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes (consello escolar)
- Cambio de centro (consello escolar)
- Para as dúas correccións anteriores e necesario a previa instrucción dun expediente académico.

CONSIDERACIÓNS QUE SE DEBEN TER EN CONTA ANTES DE IMPOÑER UNHA SANCIÓN

- Non privar a ningún alumno/a do seu dereito á educación
- Non atentarse contra integridade física, moral e a dignidade do alumno/a

- Respetar a proporcionalidade entre os actos e as correccións
- Contribuír a mellorar o proceso educativo
- Ter en conta a idade do alumno/a así como a súas circunstancias persoais e familiares
- Ter en conta a actitude do infractor. Se esta é positiva, o recoñecemento espontáneo da falta; ou se é negativa , a reiteración, premeditación, a mentira,etc.
- A falta de intencionalidade ou ignorancia dos feitos

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

CPR. LUÍS VIVES

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

ÍNDICE

1- Introducción.

2- Funcións do titor/a.

3- Obxectivos.

3.1- Obxectivos xerais.

3.2- Obxectivos específicos co equipo docente.

3.3- Obxectivos específicos cos alumnos.

3.4- Obxectivos específicos coas familias.

4- Actividades.

4.1- Actividades co equipo docente.

4.2- Actividades co alumnado.

4.3- Actividades coas familias.

5- Orientacións metodolóxicas para a acción titorial.

6- Organización e funcionamento das titorías.

7- Avaliación.

1- INTRODUCCIÓN.

A acción educativa é algo máis que impartir coñecementos, supón personalizar os procesos de ensino-aprendizaxe, dando resposta ás necesidades individuais do alumnado. Implica, por tanto, ter presentes as circunstancias persoais en conexión coa familia e o entorno.

Desde esta perspectiva educativa, a tutoría debe ir máis alá do puramente académico, incorporando todo aquilo que poida axudar ó desenrolo de proxectos de vida máis autónomos e responsables.

Ainda que todo profesor na súa propia tarefa docente ten implícita a función titorial, esta queda representada dun xeito máis específico, nos tutores/as, que son os que ostentan a responsabilidade sobre o grupo e aos que o Departamento de Orientación asesora para apoialos nas accións referentes a esta competencia.

O Departamento de Orientación, seguindo as directrices xerais establecidas na Comisión de Coordinación Pedagóxica e recollendo as propostas do equipo de tutores/as e tendo moi presente a información recollida nas memorias de cursos anteriores, pretende ir consolidando unha liña de acción titorial para todos os alumnos/as que sexa coherente cos Proxectos Curriculares de Etapa e ao mesmo tempo acadar un equilibrio entre os diferentes niveis educativos que cristalice nun Plan de Acción Titorial para todo o Centro.

Este Plan de Acción Titorial será o marco no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das tutorías, así como as liñas de actuación co alumnado, coas familias e co profesorado.

O Departamento de Orientación elabora o Plan coa colaboración dos tutores. Están tamén implicados os profesores/as, o alumnado e as familias xa que a súa colaboración e coordinación son parte fundamental no proceso educativo.

Por outra banda, en consonancia cos principios dun currículo aberto e flexible, se entende que os elementos curriculares contidos no desenrolo da función titorial deben ter, igualmente, un carácter aberto e flexible. Con elo quérese expresar que a función titorial pode realizarse a través de diversas actividades, organizada en programación diferentes, axustadas en todo caso, ás condicións particulares dos alumnos/as e dentro dunha programación titorial marco, susceptible de ser adaptada a cada ciclo, nivel e grupo, adecuándoa e respondendo así ás necesidades e características psicoevolutivas do alumnado.

2- FUNCÍONS DO TITOR/A.

Como xa se apuntou na introducción todos os profesores/as actúan dalgún xeito como tutores/as, xa que son responsables da educación dos alumnos e alumnas máis alá da tarefa concreta de facilitar o ensino-aprendizaxe do área ou materia que imparten. O profesorado do Centro está comprometido na educación integral do alumnado, atendendo a todas as facetas da súa personalidade, respectando os seus rasgos

individuais e tratando de integralo progresivamente nos distintos ámbitos de socialización. Dentro desta tarefa colectiva, a lei contempla unha serie de funcións específicas que cada titor/a deberá levar a cabo como responsable do seu grupo. Ditas funcións son as que se detallan a continuación:

- Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación.
- Proporcionarlles no principio de curso, ao alumnado e as súas familias, información referente a: calendario escolar, horarios, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise de seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno/a.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- Informar ao equipo de profesores do grupo de alumnos/as das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos/as.
- Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.
- Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ó alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- Colaborar co Departamento de Orientación do centro nos termos que estableza a Xefatura de estudos.
- Colaborar cos demais titores/as e co Departamento de Orientación no marco dos Proxectos educativo e curricular do centro.
- Orientar as demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Informar ao alumnado do grupo, aos pais e nais e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais do alumnado.
- Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.
- Cubrir os documentos oficiais relativos ao alumnado do seu grupo.
- Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados aos pais e nais ou titores e ao xefe ou xefa de estudos.

- Implicar ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.
- Atender, xunto co resto do profesorado, ós alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.

3- OBXECTIVOS.

3.1- OXECTIVOS XERAIS:

A acción titorial ten como finalidade optimizar o rendemento do ensino mediante unha axeitada axuda ao alumnado ao longo do seu avance polo Sistema Educativo. Constitúe, como queda dito, un elemento inherente á actividade docente e entraña unha relación individualizada co educando na estrutura dinámica das súas actitudes, aptitudes, coñecementos, motivacións e intereses. Debe axudar a coordinar coñecementos e experiencias dos distintos aspectos educativos para asegurar que a educación sexa integral e persoalizada.

Os obxectivos xerais deste Plan de Acción Titorial son os que debe cumprir a acción titorial e orientadora en xeral:

- 1- Axudar ao desenvolvemento integral do alumnado realizando un seguimento persoalizado durante o proceso de ensino-aprendizaxe a través das titorias e da coordinación entre os Departamentos Didácticos, o Equipo educativo, os titores/as, a Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación.
- 2- Adaptar a resposta educativa ás necesidades particulares dos alumnos/as, axustando a actividade docente ao alumnado.
- 3- Resaltar os aspectos orientadores da educación (Orientación na vida e para á vida), atendendo ao contexto real no que viven os alumnos/as, ao futuro que lles espera, favorecendo a adquisición de aprendizaxes máis funcionais, conectados co entorno.
- 4- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenrolo da propia identidade e da progresiva toma de decisións a medida que os alumnos/as deben ir adoptando opcións na súa vida.
- 5- Educar en valores e normas acordes co Proxecto Educativo do Centro.
- 6- Cooperar no proceso de integración, inserción e respecto a todos os sectores da comunidade educativa, de tal xeito que a convivencia e a participación se conviryan en elementos que definan o estilo do Centro.
- 7- Colaborar coas familias e outras institucións ou asociacións para contribuir á toma de decisións que o alumnado debe asumir ao longo da súa permanencia no Centro.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

3.2- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS CO EQUIPO DOCENTE:

- 1- Manter relacións fluídas co equipo de profesores/as para asegurar a axeitada converxencia e coordinación respecto ao grupo. Isto supón intercambiar informacións e opinións, mediar nos posibles conflitos que poidan xurdir e implicar a todo o profesorado nas accións que se poñan en marcha.
- 2- Coordinar e dirixir as sesións de avaliación.
- 3- Promover reunións coordinadas pola Xefatura de Estudos, entre o Titor/a, o profesorado e o Departamento de Orientación, para o seguimento dos alumnos/as e a unificación dos criterios de intervención. Ademais, sempre que se estime necesario, tendrán lugar reunións entre os titores e profesores do mesmo nivel co fin de aunar criterios de actuación.
- 4- Coordinar as actividades e apoio ou reforzo educativo para aqueles alumnos/as que o precisen.
- 5- Colaborar directamente coa Xefatura de Estudos para a creación dun clima positivo de convivencia, de disciplina e de traballo dentro do grupo.
- 6- Supervisar o control de faltas de asistencia a clase do alumnado.

3.3- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS COS ALUMNOS:

De xeito global, cada titor/a terá como obxectivos xerais co seu grupo os seguintes:

- 1- Realizar un seguimento individual do alumno/a e do grupo que lle corresponde.
- 2- Observar o estilo de aprendizaxe dos alumnos/as, para empregar estratexias de intervención pedagóxica que melloren as súas aprendizaxes.
- 3- Coñecer os rasgos psicoevolutivos do alumnado en cada ciclo e etapa e as súas repercusións educativas.
- 4- Detectar, previr e axudar nas dificultades que poidan afectar á diversidade do alumnado do grupo, tanto no que se refire a aptitudes, como a intereses e motivacións, coa finalidade de orientar nas dificultades e na resolución das súas necesidades.
- 5- Facer un seguimento e avaliación continua da acción titorial que mellore as accións emprendidas e poida subsanar os posibles erros cometidos ó longo do proceso.

Ademais ao longo do curso e para contribuir ao desenvolvemento persoal do alumnado, a titoría traballará a través de catro fíos conductores:

APRENDER A PENSAR:

- Desenvolver actitudes positivas cara ó estudio e o traballo escolar, e neste sentido: que os alumnos/as que xa as teñen atopen un ambiente que favoreza o seu mantemento e os que teñan actitudes negativas as modifiquen ou que a súa influencia no grupo sexa mínima.
- Adquirir estratexias que favorezcan o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Organizar o seu tempo de estudo e lecer.
- Manexar técnicas de estudo que favorezcan o seu rendemento académico.
- Autoevaluación: reflexionar sobre os propios erros e aprender deles para correxilos.
- Desenrolar xuízo crítico e razoado sobre o seu traballo.

APRENDER A SER PERSOA:

- Desenvolver actitudes de solidariedade cos seus compañeiros, e que o respecto entre os alumnos/as sexa un valor e unha actitude xeral no grupo.
- Educar ao alumnado na convivencia pacífica, democrática e participativa.
- Favorecer o desenrolo moral e a adquisición de valores.
- Desenrolar no alumnado o xuízo crítico e razoado sobre os seus actos e relacións cos demais.
- Aprender a aceptar a súa propia identidade e favorecer a súa autoestima e autoconceito positivo.
- Tolerar, respectar e valorar as diferencias individuais.
- Aprender actitudes e comportamentos de tolerancia.
- Desenvolver actitudes de igualdade real entre homes e mulleres.
- Desenrolar actitudes positivas e de responsabilidade persoal, grupal e social.
- Practicar a reflexión persoal.

APRENDER A CONVIVIR E COMPORTARSE:

- Favorecer a integración de alumno/a no seu grupo e na vida do Cento, fomentando actitudes participativas.
- Respectar as normas de convivencia entre compañeiros, profesores, etc.
- Fomentar a cooperación, a solidariedade e o traballo en grupo cooperativo, respectando as regras.
- Resolver os conflitos de relación interpersoal de xeito pacífico.
- Previr e atender os temas de violencia escolar.
- Desenrolar técnicas de dinámica de grupos e habilidades sociais.

APRENDER A DECIDIRSE:

- Informar sobre as diferentes opcións que pode elixir en cada nivel educativo.

- Axudar ao alumnado na toma de decisións para que o faga dende a responsabilidade e o coñecemento.
- Favorecer o coñecemento das súas aptitudes e cualidades persoais, intereses e expectativas.
- Informar e orientar aos alumnos/as sobre os posibles itinerarios académicos e profesións para a súa inserción no mundo laboral.

Todos estes obxectivos deberán adecuarse ás necesidades e características psicoevolutivas de cada grupo e nivel educativo.

3.4- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS COAS FAMILIAS.

- 1- Establecer canles de comunicación fluída cos pais e nais dos alumnos/as.
- 2- Intercambiar información sobre os seus fillos e o seu proceso escolar: o titor debe proporcionar e recabar información das familias.
- 3- Lograr unha coherencia educativa entre familia e Centro, unificando criterios, colaborando e asumindo unhas mesmas liñas de actuación, de maneira que o alumno/a non perciba mensaxes contradictorias e desorientadoras.
- 4- Implicar aos pais e nais nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.
- 5- Asesoralos sobre as características psicoevolutivas da etapa na que se atopan os seus fillos/as, así como sobre temas concretos que poden xurdir en cada etapa e como abordalos.

4- ACTIVIDADES.

4.1- ACTIVIDADES CO EQUIPO DOCENTE:

- Xuntanza de inicio de curso (no mes de setembro) entre Xefatura de Estudos, Departamento de Orientación e titores/as:
 - . Revisión da normativa, obxectivos e actividades da acción tutorial.
 - . Preparación da xuntanza de inicio de curso co equipo docente.
 - . Preparación do programa de recepción de alumnos/as.
 - . Directrices para a avaliación inicial do alumnado.
- Xuntanza de inicio de curso (setembro) co equipo docente:
 - . Informar ós profesores sobre as liñas xerais da acción.
 - . Requerir a colaboración dos profesores no labor tutorial.
 - . Coordinación en aspectos metodolóxicos (traballo cooperativo, aprendizaxe entre iguais...).

- . Recibir as súas suxerencias.
- Desenvolvemento coordinado da avaliación inicial do alumnado do seu grupo, prestando especial atención á detección precoz de necesidades educativas especiais, dificultades de adaptación e problemas conductuais.
- Sesións de coordinación de titores no Departamento de Orientación:
 - . Realizáranse semanalmente, no horario establecido pola Xefatura de Estudos.
 - . Avaliación da sesión de aula anterior: materiais empregados, metodoloxía, adecuación de contidos, resultados da sesión.
 - . Preparación da sesión de aula seguinte: tendo en conta a programación, novidades xurdidas, novos intereses do grupo...
 - . Revisión dos problemas xurdidos na titoría.
 - . Análise da problemática grupal e individual do alumnado.
 - . Seguimento das entrevistas persoais cos alumnos.
 - . Preparación doutras actividades próximas no tempo.
- Sesións de seguimento de Xefatura de Estudos co Departamento de Orientación:
 - . Realizáranse mensualmente, e cantas veces sexan precisas, no horario establecido pola Xefatura de Estudos.
 - . Seguimento da programación, incidencias e normativa sobre acción titorial.
 - . Asuntos que deba coñecer a Xefatura de Estudos sobre problemas, dificultades e necesidades das titorías.
- Coordinar e dirixir as sesións de avaliación. Isto implica:
 - . Preparar, coordinar e levantar actas das sesións de avaliación.
 - . Informar aos alumnos/as e ás súas familias dos resultados académicos e das recomendacións da xunta de avaliación.
 - . Elaborar informes sobre o nivel acadado polos alumnos no cumprimento dos obxectivos e posibles medidas a tomar.
- Coordinar as medidas de atención á diversidade do seu grupo: ACIS, actividades de apoio ou reforzo educativo, agrupamentos na aula, etc., para aqueles alumnos/as que o precisen.
- Control de puntualidade e absentismo, informando á Xefatura de Estudos.
- Informar ó Departamento de Orientación e ó Equipo Directivo daqueles alumnos/as que presenten desaxustes no seu comportamento, incluído o rendemento académico.
- Se fose preciso, a petición do titor/a e convocada pola Xefatura de Estudos, xuntanzas co equipo docente para análise da situación e propostas de actuación coordinada.
- Contactos informais co equipo docente:

- . Solicitándolles información cando veñan pais ao centro.
- . Solicitándolles aclaracións sobre o parte de clase ou posibles incidencias.
- . Recordándolles a necesidade de cumprir a normativa e os acordos que puidesen tomarse.
- . Solicitándolles ou proporcionándolles calquera outra información ou colaboración.
- . Mediando en posibles conflitos cos alumnos/as ou as familias.

4.2- ACTIVIDADES CO ALUMNADO:

Primeiro trimestre:

- Desenvolvemento das accións previstas no **Programa de acollida:**
 - . Presentación do titor/a.
 - . Presentacións dos alumnos/as. Coñecemento mutuo.
 - . Coñecemento da estrutura organizativa e as dependencias do centro
 - . Información sobre normativa, horarios e profesores.
 - . Características do curso, ciclo ou etapa.
 - . Información sobre actividades extraescolares e complementarias, etc.

Estas actividades cobran gran importancia nos cursos que supoñen cambio de etapa, ademais, hai que ter en conta que en todos os grupos pode haber algún alumno/a novo. Débese procurar entre todos a súa integración ao centro e ao seu grupo o antes posible. Nas reunións no Departamento de Orientación se propondrán actividades neste sentido.

- Elaboración do caderno do titor/a coas fichas individuais de cada alumno: datos persoais, historia escolar, etc. Recollerase a información dos titores/as de cursos anteriores para dar continuidade ao proceso.
- Recabar información individual do alumno a través de cuestionarios sobre os seus intereses, expectativas, hábitos de traballo, tempo de lecer, motivación polo estudo, etc.
- Posta en práctica do **Plan de Conducta** ou Plan de Prevención incluído no Plan de Convivencia do Centro:
 - . Elección do delegado/a do curso.
 - . Dereitos e deberes dos alumnos/as.
 - . Elaboración grupal consensuada de normas.
 - . Elaboración grupal das consecuencias do incumplimento das normas.
 - . Análise das normas de Réxime Interno e información sobre os órganos de goberno e participación do Centro.
 - . Asesorar e informar ao alumnado para a posta en marcha da Xunta de delegados.

- Establecemento consensuado de responsabilidades grupais: acordar as quendas para o reparto de responsabilidades, de xeito que, o longo do curso participen todos os membros do grupo.
- Establecemento de límites e elaboración progresiva de normas (Técnica do caso), na Educación Infantil e Primaria.
- Recoller información da dinámica grupal e os roles individuais, a través de:
 - . Aplicación de probas sociométricas.
 - . Observación e rexistro de conductas na aula e nos distintos espazos do centro.
 - . Intercambio de información co equipo de profesores/as.
- Intervención, cando conveña, na dinámica grupal, tendo en conta a información obtida: deseño de grupos de traballo, reorganización da ubicación dos alumnos/as na aula, etc.
- Actividades grupais que faciliten o coñecemento mutuo e o respecto entre iguais.
- Sesións de debate e posta en común nas que o titor/a atenderá especialmente:
 - . Ó desenvolvemento ordenado, respectando as quendas de palabra e traballando a capacidade de escoita.
 - . Respecto cos puntos de vista alleos.
 - . Toma de decisións grupais, se fose o caso, respectando as formas democráticas.
- Aplicación de técnicas motivacionais: valoración do estudo, responsabilidade na tarefa e afrontamento do fracaso.
- Elaboración e organización dun plan de traballo individual: horario de estudo, planificación dos descansos e tempos de lecer, uso da axenda escolar, etc.
- Preparación da primeira avaliación.
- Actividades de autoavaliación grupal e individual, co obxecto de valorar:
 - . As actividades e desenrolo da titoría.
 - . A traballo grupal: responsabilidade, compromiso, organización...
 - . O traballo persoal: administración do esforzo, aceptación dos erros como elementos da propia aprendizaxe.
- Detección precoz de posibles casos de violencia escolar a través de:
 - . Cuestionarios
 - . Observación directa
 - . Intercambio de información con todo o profesorado.

- Entrevistas individuais cos alumnos/as para coñecer a súa problemática persoal, a súa visión do grupo, as súas motivacións, etc.

Segundo e terceiro trimestre.

- Posta en marcha dos Programas de Prevención dos Servicios Sociais Municipais.
- Deseño de sesións para dar continuidade na titoría a ditos programas.
- Desenvolvemento do **Programa de estratexias e técnicas de estudo e traballo intelectual**. As actividades deberán adaptarse ás características de cada etapa educativa e de cada grupo en concreto, tendo en conta as necesidades que presenten e que quedarán explicitadas tras a avaliación inicial e a posterior Xunta de avaliación ó remate do primeiro trimestre. Terá especial relevancia a aplicación e aprendizaxe das técnicas de estudo no último ciclo de Educación Primaria e na E.S.O. para desenrolar a competencia para aprender a aprender, considerando a formación como un proceso permanente que se desenvolve durante toda a vida.
- Exercicios de análise da propia imaxe e personalidade: reflexión persoal e grupal.
- Obradoiros de educación emocional: recoñecer e expresar os propios sentimentos e emocións, empatía, etc.
- Sesións prácticas sobre habilidades sociais:
 - . Conducta asertiva
 - . Diálogo
 - . Capacidade de escoita
 - . Resolución pacífica de conflitos, etc.
- Realización de traballos grupais sobre temas de relación social e outros temas que resulten de interés para o grupo.
- Coñecemento e intervención nas posibles problemáticas grupais.
- Charlas informativas sobre a etapa evolutiva na que se atopan e a súa influencia nos diferentes aspectos da súa vida.
- Actividades relacionadas coa saúde e os hábitos de vida saudables.
- Desenvolvemento do **Plan de Orientación Académica e Profesional** dirixido ós alumnos de Educación Secundaria en xeral, tendo especial relevancia en 3º e fundamentalmente en 4º curso. O Plan artículase en tres niveis:

- . Coñecemento de si mesmo: aptitudes, intereses, preferencias, posibilidades.
- . Un dominio adecuado das estratexias e habilidades para a toma de decisións: identificar o problema, clarificar alternativas, valorar as súas consecuencias positivas e negativas, sopesar e decidir.
- . Coñecemento adecuado das distintas opcións educativas e saídas profesionais e das vías que se abren e cerran con cada opción: Formación profesional, Bacharelato, Ensino non regrado, transición á vida activa e adulta e inserción no mundo laboral.

Durante todo o curso:

- Entrevistas individuais cos alumnos/as:
 - . Sempre que o alumno/a o solicite.
 - . Para reorganizar as súas conductas dentro da aula.
 - . Para reconducir a súa situación académica, etc.
 - . Para diminuír o absentismo escolar e o abandono temperán dos Estudos.
- Valoración de partes de conducta e toma de decisións con determinados alumnos/as, co asesoramento do Departamento de Orientación.
- Elaboración e posta en práctica de programas individuais de modificación de conducta nos casos que o precisen, en colaboración co Departamento de Orientación.

4.3- ACTIVIDADES COAS FAMILIAS.

- Xuntanzas xerais de pais e nais de alumnos/as. A Xefatura de estudos establecerá un calendario de reunións coas familias dos grupos de cada nivel educativo, como mínimo en cada trimestre, e de xeito extraordinario cando se estime necesario. Estas reunións teñen como obxectivo fomentar unha relación fluida das familias co centro e motivar a súa participación como membros da comunidade educativa.
- Reunión inicial de curso. No mes de outubro terá lugar o primeiro contacto coas familias de cada grupo. O titor/a a organizará en colaboración co Departamento de Orientación, atendendo ós seguintes puntos:
 - . Información sobre horarios, profesores, actividades complementarias e extraescolares, normas de réximen interno, horario de tiroría, xustificación de faltas de asistencia, etc.
 - . Programación do curso, criterios de avaliación e promoción.

- . Funcións do titor/a e entrevistas individuais.
 - . As obrigas familiares e a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos/as.
 - . Necesidade de cooperación e coherencia entre familia e profesorado.
 - . Características do grupo.
 - . Características da etapa evolutiva na que se atopan os seus fillos/as e as súas implicacións educativas.
- Reunións trimestrais: informarase sobre a evolución do grupo no aspecto académico e na convivencia.
 - Dinamización de hora semanal de tutoría de pais e nais, tomando a iniciativa do contacto coas familias.
 - Entrevistas individuais cos pais e nais para intercambiar información sobre os seus fillos/as e o seu proceso escolar.

O titor/a debe proporcionar ós pais datos relativos a:

- . Rendemento xeral e por materias.
- . As dificultades de aprendizaxe observadas.
- . As medidas adoptadas polo centro.
- . Os hábitos de traballo e estudo.
- . A actitude ante a tarefa.
- . As posibilidades académicas.
- . As actitudes e comportamentos.
- . O proceso de integración e participación na dinámica do centro.
- . As faltas de asistencia, etc.

O titor/a debe recabar dos pais e nais información relativa a:

- . Os problemas detectados no seu ámbito familiar.
 - . Os horarios, espazo e material de traballo.
 - . Calquera anomalía persoal ou familiar que poida incidir no proceso de ensino-aprendizaxe.
 - . Todo tipo de datos que se estimen importantes para completar, contrastar e profundizar os que xa se teñan do alumno/a.
- Establecer canles de comunicación sistemática coas familias, utilizando a axenda escolar do alumno.
 - Elaboración e entrega dos informes semanais para manter informadas ás familias da evolución do alumno/a.
 - Comunicación sistemática das faltas de asistencia e das condutas contrarias á convivencia.
 - Asesoramento individual nos casos de alumnos con dificultades de aprendizaxe ou problemas de conduta ou adaptación.

- Solicitarlles a súa participación nos programas específicos de modificación de conducta.

5- ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS PARA A ACCIÓN TITORIAL.

A programación plasmada neste plan, de acordo cos obxectivos xerais, baséase nun modelo de acción titorial concebido como un traballo de intervención na cultura de cada grupo de alumnos/as, para conseguir que a aprendizaxe escolar e o progreso nos estudos teña unha alta consideración nel, e dentro dun ambiente de convivencia e aprecio polos demais valores humanos.

Por outra banda considérase a acción titorial como un proceso dinámico, integrado na actividade educativa, presente en todas as actividades do centro. Neste sentido concíbese como un traballo en equipo, no que colabora todo o profesorado de xeito sistemático. En cada grupo o peso do labor titorial recae sobre o titor/a, e para eles son estas consideracións metodolóxicas, que pretenden servir de orientación na súa acción.

Modelo do titor/a como orientador/a do seu grupo de alumnos/as:

- O papel fundamental do titor/a ha de ser o de orientar ó alumnado para afrontar e resolver os seus propios problemas. Os alumnos/as deben ter claro que as solucións está fundamentalmente nas súas mans e que o titor/a pode orientalos e axudalos pero non será o que llos resolva.
- Polo tanto o titor/a deberá fomentar a acción autónoma dos alumnos/as na resolución dos seus problemas e na toma de decisións, promovendo a identificación, análise, busca de alternativas e axudándoos na busca de solucións.
- Cando o titor/a teña que escoitar queixas do alumnado sobre outros profesores/as ou compañeiros/as, deberá deixarlles claro que só actuará como mediador, contrastando a información. Pero serán eles mesmos os que tratarán de arranxar o problema.
- O titor/a deberá respectar as decisións dos alumnos/as, cando estas son tomadas de forma meditada e responsable.

Para isto o titor/ debe:

- Evitar o modelo de protector ou defensor dos alumnos, por canto fomenta a irresponsabilidade destes, e impídelles resolver de forma autónoma a maioría dos seus problemas.
- Evitar o modelo de “reñidor do grupo”, pois ven a representar un discurso oco e sen o menor significado efectivo para os alumnos/as. Búscase, pola contra, a reflexión persoal, autoregulación da conducta e asunción de responsabilidades por parte do alumnado.

6- ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS TITORÍAS.

Para asegurar a coordinación e a coherencia dentro do P.A.T. establécense unha serie de reunións que xa se especificaron no punto 4.1 de Actividades co Equipo Docente e que serán fixadas pola Xefatura de Estudos.

Ós **titores/as** correspóndelles levar adiante a acción titorial cotiá co grupo de alumnos/as, os seus pais e nais e o equipo docente, de acordo co establecido no Plan.

Á **Xefatura de Estudos** correspóndelle encabezar a estrutura organizativa da acción titorial do Centro.

Ó **Departamento de Orientación** correspóndelle asumir o apoio técnico ós titores/as, así como asesorar á Xefatura de Estudos no concernente á acción titorial. Ademais, dito departamento realizará outras funcións que lle son propias e que están reguladas fora do ámbito da titoría, pero directamente relacionadas coa acción titorial, xa que os titores/as serán os primeiros en detectar as situacións en que é preciso intervir.

7- AVALIACIÓN.

A avaliación do P.A.T. terá lugar **ao longo do proceso** de aplicación do mesmo:

- Os titores/as nas reunións de coordinación por niveis, xunto ao Orientador/a e o Xefe de Estudos realizará unha avaliación semanal.
- O Xefe de Estudos emitirá un informe trimestral sobre o desenrolo do PAT no centro.
- Os alumnos realizarán unha avaliación da acción titorial cada trimestre.
- As familias tamén serán consultadas.

Os **aspectos a ter en conta** na avaliación serán:

- Nivel de consecución dos obxectivos propostos.
- Adecuación das actividades en función dos obxectivos.
- Metodoloxía e materiais empregados.
- Grao de implicación dos tres sectores implicados: alumnado, profesorado e familias.
- Cambios operados no centro.
- Necesidade ou non de rectificación da acción.

Os **instrumentos** que se utilizarán será eminentemente cualitativos:

- Observación directa.
- Entrevistas.
- Cuestionarios confeccionados para obter información do alumnado, das familias e dos titores/as, elaborados polo Departamento de Orientación.

O Departamento de Orientación elaborará unha **memoria final** de curso que recollerá a avaliación da efectividade do PAT e a necesidade de posibles modificacións e melloras. Este informe final difundirase a os distintos implicados.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CPR. LUÍS VIVES

1. INTRODUCCIÓN.
2. VALORACIÓN DE NECESIDADES
3. OBXCETIVOS
4. MEDIDAS CURRICULARES
5. ADAPTACIÓN CURRICULAR INDIVIDUAL
6. MEDIDAS EN SECUNDARIA OBLIGATORIA
7. A.C.I.S. EN SECUNDARIA
8. OPTATIVIDADE
9. ACCIÓN TITORIAL
10. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
11. PLAN DE CONVIVENCIA
12. AVALIACIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

INTRODUCCIÓN

É primordial definir o que entendemos por diversidade no campo da educación para poder comprender o alcance do traballo. Entendemos por diversidade a diferenza como unha característica inherente ao ser humano dende o punto de vista individual e dende o punto de vista social.

Por tanto, a diversidade é unha forma de funcionamento dende a normalidade ou normalidades en contraposición á excepción e á exclusión.

A diversidade en sí é unha ideoloxía, como unha forma de ver a realidade social e individual, como unha defensa de ideas de participación democrática, de equidade e xustiza social e como un posicionamento de aceptación e reivindicación desta realidade heteroxénea.

Dentro deste plan imos desenrolar unha serie de medidas educativas, que forman parte do Proxecto de Centro, coas que se pretende axudar ao noso alumnado a conseguir o pleno desenvolvemento da súa personalidade e das súas capacidades afectivas, cognitivas ao mesmo tempo que favorecemos o respecto polas liberdades e as diferenzas individuais, polo feito mesmo de que todos os seres humanos son diferentes e nestas diferenzas está a riqueza das relacións. Para conseguir estes obxectivos temos que traballar pola igualdade e para iso hai que desenrolar unha serie de medidas que proporcionen as mesmas oportunidades, ofrecéndolles a cada un as medidas personalizadas necesarias e coa flexibilidade e dinamismo de cambio que requira cada caso. Prestaráselle atención aos comportamentos sexistas, aos procesos afectivos propios da adolescencia, á transmisión de valores e ao dominio dos instrumentos que median nos aprendizaxes.

Mediante a creación de medidas especiais preténdese previr o fracaso escolar o absentismo e conseguir que o alumnado do noso centro consiga acadar os obxectivos propostos no Proxecto Curricular do Centro.

O Proxecto será revisado periodicamente de xeito que se poda adaptar ás necesidades reais e aos cambios que vanse sucedendo na vida escolar. A revisión, a dinamización e a coordinación son os piares sobre os que se ten que apoiar o traballo diario.

A atención ás necesidades especiais e das particularidades dos alumnos en xeral, ten que estar sempre ben coordinada cos aprendizaxes das distintas disciplinas, cos obxectivos do Plan de Convivencia e coas actividades planificadas no PAT, creando un obxectivo educativo común que é o alumno/a.

VALORACIÓN DAS NECESIDADES:

A valoración das necesidades lévanse a cabo recollendo información por varias fontes e teranse en conta tres aspectos:

- A.- Nivel acadado nos contidos
- B.- A situación afectivo emocional.
- C.- As características do medio familiar.

Utilizaranse tanto probas obxectivas como todos os medios necesarios para chegar a obter un perfil global do alumno e a súa situación:

- Avaliación obxectiva a través de probas xerais a todos os alumnos/as.
- Aplicación de probas específicas nos distintos casos nos que foron detectadas dificultades nas probas colectivas.
- Recollida de datos a través do titor/a e profesorado, profesora de PT, tanto do rendemento, como das súas manifestacións persoais. Prestaráselle atención ao grao de integración no grupo e o tipo de relacións que mantén.
- Por entrevistas do Departamento de Orientación para coñecer os seus intereses, o grao de entusiasmo ou fracaso que sinte, cales son as súas expectativas sobre se mesmo e sobre o seu futuro, cal é a vivencia que xa ten do seu problema, como é capaz de verbalízalo e si está disposto a colaborar na súa mellora.
- Valorando o expediente académico.
- Pola aplicación de sociogramas aplicados ás distintas situacións da vida escolar (aula, patio de recreo, áreas comúns, etc..)
- Entrevista cos pais na que serán recollidos todos os aspectos familiares que axuden a coñecer e tratar o problema así como coñecer a visión e as expectativas que a familia ten sobre o neno/a.
- No caso que sexa necesario poñerse en contacto con outros organismos que xa atendan ao alumno/a polas súas necesidades especiais.

O Departamento de Orientación despois de valorada toda a información tomará as decisións oportunas e desenrolará coa colaboración dos titores/as e do resto de equipo docente as medidas necesarias.

OBXECTIVOS:

Con arrego á lexislación vixente (Lei Orgánica 2/2006) que regula a atención á diversidade temos plantexados os seguintes obxectivos xerais que van dirixir a actividade educativa das NEE.

1. Valorar as necesidades educativas en xeral, dentro de la heteroxeneidade.
2. Clasificar o tipo de necesidade e o grao de dificultade: aprendizaxe, retraso na madurez, retraso mental, deficiencias sensomotoras, problemas de adaptación e conduta, problemas de linguaxe ou de aprendizaxe en xeral, inmigración hispano falante ou non, con adaptación do nivel de escolarización ou non, sobredotación ou características sobresalientes atípicas, desestructuración familiar, condutas inadaptadas, etc..

3. Atender ao alumnado con necesidades educativas especiais: definir o tipo de axuda que é precisa.
4. Diseñar accións, tempos, lugar e persoal docente que vai atender cada caso.
5. Crear programas personalizados, onde se traballe conxuntamente segundo sexan casos de problemas de aprendizaxe, de linguaxe, de comportamento, inmigración, medio social desfavorecido, etc..
6. Diseñar accións encamiñadas á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades.
7. Organizar conxuntamente medidas de atención aos máis novos. Prestarlle especial atención ás dificultades que aparecen nos primeiros cursos de escolarización tomando medidas preventivas.
8. Crear programas específicos e individuais nos casos que o ritmo e a calidade dos aprendizaxe sexa diferente do grupo.
9. Atender á metodoloxía nos casos nos que as dificultades afecten á maneira de aprender ou ao comportamento.
10. Atender por medio de programas específicos as condutas inadaptadas ou violentas, en colaboración cos obxectivos do Plan de Convivencia.
11. Reforzo da autoestima e creación de estratexias para a integración das diferenzas dentro do grupo clase.
12. Detectar e prestarlle atención a todas aquelas diferenzas individuais que ben tratadas podan favorecer o rendemento académico e persoal sen desfavorecen o diferente.
13. Estimular a colaboración dos alumnos/as en todo o proceso de desenrolo dos programas de reforzo e axuda, tanto o alumno/a ao que se lle dedica como o resto de grupo.
14. Medidas a tomar nos casos de alumnos/as repetidores reiterativamente.
15. Detectar e prestarlle atención a todas aquelas diferenzas individuais que ben tratadas podan favorecer o rendemento académico e persoal .

- 16.Coordinar entre os distintos departamentos as acción deseñadas para levalas a cabo de forma conxunta.

MEDIDAS CURRICULARES.

Neste grupo inclúense todas aquelas decisións que se contemplan dentro das programacións didácticas. Non afectan aos aspectos prescriptivos do currículo. Cada titor elabora adaptacións dentro do programa de aula referidos a un só alumno/a ou ben a un grupo dentro do grupo-clase co fin de favorecer os aprendizaxes máis básicos nas idades máis tempranas. Estas medidas de carácter ordinario lévanse a cabo dentro da aula nas horas lectivas e permiten prestarlle aos alumnos/as unha atención individualizada, ou en pequeno grupo, atendendo especificamente dificultades nas materias instrumentais. Neste caso non varía a programación xeral, non afecta aos contidos.

-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA PROGRAMACIÓN:

Unha medida a levar a cabo é a diferenciación de niveis nos contidos e nas actividades, deste xeito pódense atender tanto as distintas capacidades e estilos de aprendizaxes como os diverxentes intereses ou motivaciones.

CONTIDOS: Dentro do conxunto de conceptos, procedementos e actitudes que asignemos a cada alumno/a segundo cada área o curso, estableceremos unha diferenciación entre información básica e complementaria. Fixaremos os contidos mínimos de nivel e a partiren de alí vanse deseñando ampliacións secuenciadas para obter avances progresivos escalonados.

- . Traballos de menor complexidade.
- . Reforzo dos obxectivos mínimos do curso
- . Organización de traballos en grupo
- . Flexibilizar os tempos de rendemento.
- . Permitirlle a alternancia de actividades de carácter máis dinámico.
- . Flexibilizar a agrupación e variala sempre que sexa necesario.
- . Secuencias de contidos máis curtas.
- . Tarefas máis variadas.
- . Utilizar materiais máis visuais.
- . Cambiar a metodoloxía.
- . Proporcionar experiencias máis prácticas.
- . Proporcionar materiais máis sinxelos na presentación.
- . Atopar o lugar da clase e o compañeiro onde podan dar máis rendemento.

Nos casos dos nenos con altas capacidades:

. Ampliarase a programación de aula en sentido de maior complexidade e profundidade nos coñecementos co fin de estimular ao alumno/a.

- . Ampliarase o material para cubrir as súas necesidades.

. Faranse ampliación de contidos e obxectivos máximos.

. Buscaráselle un rol dentro do grupo que lle permita desenrolar as súas capacidades intelectuais e sociais.

ACTIVIDADES: A nivel de actividades se establecen en categorías en función da súa finalidade. Diseñaranse actividades de reforzo e consolidación daquelas aprendizaxes básicas instrumentais apoiadas nos contidos de información básica adaptadas as dificultades ou características do alumno/a/s que necesitan o apoio. Estas actividades poderán ser:

- De carácter máis manipulativo.
- Máis curtas.
- Cunha presentación máis asequible.
- Con compoñentes motivadores.
- Para conseguir o afianzamento dos automatismos básicos
- Para ampliar intereses do alumno/a.
- Globalizadoras, ou relacionantes.
- Etc...

METODOLOXÍA: O método utilizado na presentación e comprensión dos contidos pode facilitar ou facer máis complexa a tarefa dos alumnos, polo que é imprescindible adaptar a forma de presentación e desenrolo aos alumnos/as de cada nivel e por enriba deste, prestarlle atención as diferencias individuais naqueles casos nos que a forma habitual de presentar os contidos non é fácil para a comprensión do traballo. Pódense deseñar metodoloxías:

- Nas que o alumnos sexa máis activo.
- Que posibiliten a libre expresión e funcionamento dos grupos.
- Outras onde a información oral sexa a menos importante, e reforzo da información visual.
- Maior reforzo da expresión do alumno.
- Maior ou menor responsabilidade na medida en que apoie os obxectivos.
- Propoñer actividades máis abertas ou máis dirixidas en función das capacidades a desenrolar.
- Etc.

En canto aos MATERIAIS é importante utilizar materiais variados, onde os alumnos sexan estimulados a buscar información e coñecer por si mesmos, aportar os seus intereses e se podan ampliar os seus coñecementos máis alá da formalidade do libro de texto. O material na diversidade tense que adaptar se houbera minusvalías físicas que impideran o uso do material habitual; neste caso e dependendo da dificultade sería necesario a adquisición de medios adaptados ao caso en concreto.

En todos os casos será necesario estimular o entusiasmo do alumno/a, facerlle cómplice das estratexias de aprendizaxe, axudarlle a ser crítico co seu rendemento e procurar que sempre se sinta o protagonista do proceso ensinanza-aprendizaxe.

Tamén será fundamental en todos os casos de NEE a integración positiva dentro do grupo coas súas características persoais diferentes. Todos os alumnos son diferentes e todos poden aportar ao grupo aspectos insustituíbles da persoa que os demais deben aprender a valorar. Este aspecto é un obxectivo desenrolado no Plan de Convivencia, no PAT, no PEC, etc.

MEDIDAS DE REFORZO FORA DA AULA:

Cando as dificultades do alumno/a no poden ser atendidas dentro da programación de aula, ben polo grao de dificultade ou ben porque as características do suxeito ou do propio grupo non permiten a atención simultánea co resto do grupo, entón tómanse as medidas de atención externa. Trátase de adaptacións baseadas na eliminación dunha parte dos contidos esenciais e obxectivos xeras das áreas curriculares coa conseguinte modificación dos criterios de avaliación. Dentro deste grupo contémpanse tanto aqueles que presenten algún tipo de problema psíquico, físico, como todos os que por su historial educativo complexo necesita este tipo de reforzo. Neste caso os alumnos son atendidos por dous canles:

- Pola profesora de PT.
- Pola orientadora.

Nestes casos os alumnos saen fóra da aula nas horas correspondentes as materias nas que teñen maior dificultade ou ben noutras, se é conveniente que asistan nesas asignaturas á clase conxunta. Nas horas adicadas ao reforzo pódense atender:

- En grupos homoxéneos, ben por idade ou curso, ou ben polo tipo de dificultade. Neste grupo reúnense alumnos que non son compañeiros de curso e neles créase outra relación distinta de axuda e compañeirismo que fortalece o equilibrio persoal e a autoestima.
- En horario individual se a atención necesaria é moi exclusiva.

Nestes casos os alumnos /as traballan con material específico e personalizado, tanto para reforzo das propias materias como para traballar comprensión lecto-escrita e razoamento.

Temporalización: as horas de atención en reforzo externo oscilan desde todos os días da semana durante unha ou dous horas nos casos de maior dificultade ata dous horas semanais. O resto das horas lectivas o alumnado asiste á aula co resto do grupo e segue a programación xeral coas medidas de reforzo acadadas dentro da aula.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES INDIVIDUAIS (ACI):

Consideramos adaptacións curriculares aqueles cambios que sexa necesario facer no currículo co fin de atender ás diferenzas individuais dos nosos alumnos. Tómase esta decisión cando as medidas de reforzo non son suficientes para mellorar o rendemento do alumno e o alumno/a non pode seguir os contidos da programación de aula. Na ACI recóllense o historial académico do alumno/a, as características da súa

dificultade, as materias nas que o currículo debe ser adaptado, o nivel de referencia sobre o que se vai a programar, se a adaptación compete aos obxectivos, nivel de contidos, tipo de metodoloxía, agrupamento, tempo ou calquera outro tipo de reforzo ou axuda.

As ACIS son unha medida para a diversidade que se pode aplicar en calquera nivel educativo, tanto para nenos/as de primaria como secundaria, sendo o desenrolo práctico o que pode variar nos dous casos polas características do currículo e das materias impartidas.

Proceso a seguir na elaboración da ACI:

1- Toma de decisión: Polo carácter extraordinario desta medida o alumnos ten que haber recibido previamente reforzo ou outras medidas non excepcionais dentro do seu nivel académico. A conveniencia de adaptar o currículo é unha decisión que se ten que apoiar sobre a avaliación psicopedagóxica do alumno/a e será decisión do Equipo de Orientación en colaboración co profesorado. Ademais é preciso obter a aprobación dos pais e a aceptación do alumno.

A adaptación e desenvolvemento de cada área e responsabilidade do profesor/a que imparte a materia (no caso de primaria será o titor o que leve esta responsabilidade) co asesoramento necesario do Equipo de orientación e si é necesario os Equipos Específicos.

A atención e desenrolo da ACI levarase tanto dentro como fora da aula. Dentro da aula farase integrando o alumno o máis posible dentro do seu grupo, e fora da aula reforzase aquelas contidos adaptados nas materias necesarias. No caso de adaptación metodolóxica se dotará ó alumno/a de material, tecnoloxías, e medios audiovisuais para facilitarlle o seu traballo.

AS ACIS. NA EDUCACIÓN SECUDARIA OBRIGATORIA.

Despois de seguir o procedemento de valoración do caso e recollida de información desenrolado no punto 2, a proposta na ESO compete as asignaturas e ao profesorado que imparte cada unha, de xeito que a adaptación pode afectar aos obxectivos de todo o currículo oU parcialmente aqueles que máis dificultade presentan.

ELEMENTOS CURRICULARES DA PROPOSTA:

- Obxectivos e contidos: para a selección dos obxectivos e contidos deberase priorizar segundo os criterios seguintes:
 1. Aquellos de carácter funcional e instrumental que máis competen ao desenrolo de todos os aprendizaxes.
 2. Aquelas máis adaptadas aos intereses, capacidades e necesidades do alumno, tendo en conta a disposición que presenta o alumno/a para colaborar no proceso de axuda.
 3. Na medida do posible seguirase o currículo do curso e os xerais establecidos no PEC.

4. Establecemento do currículo de referencia dos que se vai partir para a programación.
5. Se é preciso pola necesidade do alumno/a, os obxectivos que compoñerán a ACI poderán corresponder cos cursos posteriores o superiores que sexa adecuado co fin de potenciar e afianzar aprendizaxes.
6. Coidar especialmente a xerarquización de obxectivos e contidos para que o alumno non perda a visión de conxunto dos aprendizaxes. Nestes casos ao alumno lle costa máis ver a relación entre contidos polo que é necesario seguir as secuencias moi ordenadas.

- Principios metodolóxicos: a flexibilidade metodolóxica é un principio clave na diversidade. É fundamental a adaptación dos medios que se vaian a utilizar, crear contextos apropiados, favorecer os aprendizaxes cooperativos non competitivos onde se traballe tan só mínimos como os obxectivos de ampliación. Os cambios de estratexias, por se mesmos, poden facilitar ou dificultar a evolución do alumno. Teremos en conta:

1. Se o alumno presentara algunha minusvalía, haberá que adaptarlle o material e os instrumentos físicos.
2. Valorar os intereses do alumno/a, as necesidades propias, o perfil psicolóxico, a capacidade de colaboración, a capacidade de traballo, etc.
3. Metodoloxía máis activa e participativa en xeral para conseguir a colaboración do alumno no súa aprendizaxe.
4. Elaborar actividades axeitadas ao alumno. Deberán ser variadas, respectando o ritmo individual e xerarquizadas en dificultade. É importante que as actividades estean moi relacionadas e encadeadas para propiciar o razoamento lóxico-deductivo nos alumnos/as.
5. A progresión da secuencia de contidos debe ser lenta, sempre que sexa necesario, ou nalgúns casos máis acelerada para estimular a atención e o interese do alumnos/a.
6. Atender ao enfoque interdisciplinar, de xeito que podan relacionarse maioritariamente co resto do currículo.
7. É importante seleccionar en cada actividade a vía de información que máis facilite a comprensión. Sempre ha de ter un carácter práctico que relacione a abstracción cos coñecementos cotiás.
8. Sempre que sexa posible, facer agrupamentos de forma que o alumno/a poda participar en actividades cos compañeiros que poda favorecer a integración na normalidade. Cando non sexa posible se lle atenderá en sesións individuais.

AVALIACIÓN DAS ACIS:

Os criterios de avaliación serán propios de cada ACI tendo en conta o perfil do alumno e os obxectivos propostos. A avaliación será feita polos medios necesarios que nos permitan coñecer o nivel acadado polo alumno/a:

1. Probas escritas.
2. Exames orais cando a expresión escrita sexa unha dificultade para poder avaliar os coñecementos.
3. Traballos que recollan a súa evolución.
4. Colaboración en traballos de grupo que valoran a súa integración.
5. Uso de novas tecnoloxías.
6. Entrevista co alumno para coñecer o seu grao de satisfacción e autoavaliación do seu rendemento.
7. Usaranse todos aqueles medio que sexan útiles para coñecer en realidade cal é o grao de coñecemento e evolución do alumno/a.

Se o resultado final non fora satisfactorio, a ACI será revisada. Para o curso seguinte serán adaptados tanto obxectivos e contidos como todo o resto da adaptación para conseguir mellores resultados. Será importante valorar o proceso xeral de evolución e a satisfacción persoal do alumno/a máis que a valoración numérica obtida na avaliación, posto que o que se busca é a mellora global da persoa e a integración na normalidade. O resultado do proceso, sexa positivo ou non, constará sempre no Historial Académico.

AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON NEE

En xeral o alumnado con NEE será avaliado en tres momentos:

- Avaliación inicial: é prescriptiva en todos os casos nos que se precise unha atención específica. Dela elabórase un informe para o titor e os profesores/as e del se elabora o plan de intervención psico-pedagóxica.
- Avaliación continua: nesta avaliación o que se valora é a progresión persoal, tanto a nivel de contidos acadados como da evolución global do alumno/a. Deséñanse estratexias para identificar a evolución de coñecementos e capacidades. Nos casos de conduta inadaptada faranse observación obxectiva de condutas e valoracións grupais de adaptación. Ademais serán utilizados todos os medios de avaliación xeral xa nomeados. É importante incluír instrumentos para autoavaliación do alumno/a sobre o seu propio proceso e sobre o logro dos seus obxectivos ademais das dificultades que encontrou.
- Avaliación final: consiste principalmente en retomar o camiño que fixo o alumno/a dende a valoración inicial ata o fin de curso, onde serán reunidas

todos os aspectos, tanto o de contidos, os persoais, os familiares, e a participación e o entusiasmo do alumno/a.

OPTATIVIDADE

O seu obxectivo é ofrecer ao alumno/a a posibilidade de elixir materias máis axeitadas ao seu perfil e aos seus intereses. Nos casos nos que a optativa supoña unha asignatura que sexa complexa para os alumnos/as con dificultades nas linguas deixará de ser obrigatoria e esas horas serán adicadas ao reforzo dos aprendizaxes instrumentais básicos.

ACCIÓN TITORIAL.

Dentro do programa das titorías haberá un apartado específico no que se desenrolen as programacións dos casos con NEE dentro da diversidade, así como o seguimento en relación co resto do profesorado. Así mesmo haberá reunións periódicas establecidas para a avaliación e revisión do progreso individual dos casos. É fundamental a acción do titor/a xunto co Departamento de Orientación para favorecer as actitudes positivas e a integración de todas as diferenzas, e os comportamentos inadaptados. O apoio do titor/a é decisivo á hora de impulsar a autoconfianza dos alumnos con alto grao de fracaso escolar.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

O Departamento de Orientación será o encargado de deseñar as estratexias, o material etc., en cada caso, así como de facer as valoracións iniciais, os seguimentos e o progreso madurativo do alumno/a. Se levarán a cabo reunións periódicas para proceder á avaliación continua e o reforzo persoal do alumno. Dentro do programa de Orientación veranse reflectidos todos os aspectos relativos a este punto de NEE.

PLAN DE CONVIVENCIA.

A través deste Plan regúlanse e fortalécense a relación e a integración das diferenzas que repercuten directamente no rendemento dos alumnos con calquera tipo de dificultade que poida repercutir na consecución de obxectivos educativos.

RELACIÓN COAS FAMILIAS

A través da PEC, do Plan de Convivencia, da acción titorial, etc., establécense durante todo o ano as reunións e as tomas de contacto coas familias para poder conseguir a súa colaboración na consecución de obxectivos.

No caso da ACI ou reforzo ou calqueira atención fóra da aula é necesario informar a os pais. Eles teñen que dar o súa autorización. para poder levar a cabo as medidas pertinentes. Ademais é preciso conseguir a súa implicación no proceso de mellora do fillo/a co apoio afectivo-emocional, material e educativo.

AVALIACIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Persoal implicado:
 - . Titores/as
 - . Profesorado en xeral
 - . Departamentos didácticos
 - . Departamento de Orientación
 - . O Equipo Directivo
 - . As familias.

- Temporalización:
 - . Reunións semanais dos titores/as e profesorado implicado co Departamento de Orientación.
 - . Reunións cos pais todos os meses e sempre que o soliciten eles.
 - . Informes trimestrais acerca da evolución das programacións e para organizar os posibles cambios e axustes. É importante a flexibilidade e dinamización constante.
 - . Informe final ao fin de curso no que se reúne toda a información sobre o funcionamento do Plan.

- Aspectos a ter en conta:
 - . Nivel de consecución dos obxectivos
 - . Adecuación de materiais e metodoloxía
 - . Satisfacción persoal do alumno/a

- Instrumentos:
 - . Observación directa mediante táboas elaboradas para o fin.
 - . Entrevista cos alumnos
 - . Cuestionarios de familias.
 - . Etc.

PLAN DE CONVIVENCIA

CPR. LUÍS VIVES

PLAN DE CONVIVENCIA

Índice

1. Introducción: Definición do que é a convivencia dentro dun Centro educativo e formativo, clarificación conceptual, persoal implicado....

2. Características do Centro: (as mesmas que no pec)

3. Recollida de información:

- Profesorado
- Familias
- Alumnado
- Rasgos máis relevantes da nosa convivencia:
 - . Educación infantil
 - . Educación primaria
 - . Educación secundaria

4. Obxectivos do Plan de Convivencia.

- . Obxectivos xerais (principios educativos recollidos na lei)
- . Obxectivos específicos (aqueles que se deriven dos nosos conflitos)
 - 4.a - A nivel dos alumnos
 - 4.b -A nivel dos profesores
 - 4.c -A nivel dos pais

5. Procedementos de actuación:

5.a.Regulamento de Réxime Interior:

5.b.Desenrolo do plan de prevención

6. Actividades

7. Tratamento das conductas disruptivas

8. Tratamento do acoso.

9. Difusión, seguemento e avaliación

10.. Anexos

1. INTRODUCCIÓN.

Na actualidade unha das finalidades básicas da educación é aprender a convivir. Representa unha demanda social é un dos principais desafíos do sistema educativo actual na procura de sociedades máis responsables, modernas, xustas, democráticas, igualitarias, cohesionadas e pacíficas, nas que fenómenos como o acoso escolar, o maltrato, a violencia doméstica, a violencia de xénero, etc., non teñan cabida.

Os centros educativos son espazos privilexiados de convivencia, onde se atopan culturas e actores diversos, que teñen que aprender a convivir dentro dun escenario educativo común. A vida no centro é a miúdo a primeira experiencia de vida cívica dos mozos/as, polo que a calidade das experiencias adquire un carácter fundamental para o fortalecemento da cidadanía e a interiorización de modos democráticos, o que permite xerar condicións máis apropiadas para o desenvolvemento das aprendizaxes dos estudantes.

Neste sentido, podemos defenir convivencia escolar como a interrelación entre os distintos membros dunha comunidade educativa, que ten incidencia significativa no desenvolvemento ético, socioafectivo e intelectual de alumnos/as. Esta concepción non se limita á relación entre as persoas, senón que inclúe as formas de interacción entre os diferentes estamentos que conforman unha comunidade educativa, polo que constitúe unha construción colectiva e é responsabilidade de todos os membros e actores educativos sen excepción.

A convivencia é un ámbito básico para entender o tipo de relacións que se establecen nunha institución e a capacidade desta para comprender e acoller aos seus diversos membros. O estilo de convivencia que exista en cada centro, marcará o carácter inclusivo ou exclusivo deste. Non se trata dun ámbito illado na vida institucional senón dunha dimensión transversal a todas as actividades e prácticas que se desenvolvan no centro.

A convivencia e a súa educación son un valor en si mesmo. Non podemos, nin queremos entedela só como unha necesidade reactiva derivada dos problemas que poidan existir ou como unha mera aplicación das medidas disciplinarias senón que é un obxectivo constitucional e do noso propio estatuto de autonomía e figura como obxectivo máximo das distintas leis educativas. Educar para a convivencia é tamén unha demanda cidadá, unha das súas preocupacións máis importantes.

Na mesma liña, o noso centro asume a educación e a mellora da nosa convivencia como un dos seus obxectivos prioritarios. E a convivencia aprendémola interactuando, fomentando as boas relacións interpersonais, dialogando, comprometéndose, asumindo responsabilidades, discutindo, disentindo, acordando, construíndoa cada día. Require un traballo compartido, sistemático e permanente no tempo.

Desde estas premisas o noso Plan de Convivencia é un documento que serve para concretar inicialmente a organización e funcionamento do centro en relación coa convivencia e establecer as liñas xerais do modelo de convivencia a adoptar, os obxectivos a acadar, os procedementos e actuacións a realizar e as normas que o regularán. Como xa dixemos, a convivencia aprendémola e costruímosla cada día, polo que, desde unha visión constructiva e positiva, a posta en marcha do noso plan irá aportándonos a información necesaria para posteriores revisións e modificacións na procura da mellora da convivencia.

CLARIFICACIÓN CONCEPTUAL.

Con frecuencia confundimos conceptos que non son equiparables, de tal maneira que toda a comunidade educativa, e a sociedade en xeral, identifica problemas e fenómenos de características distintas, cando, en rigor, son conceptos claramente diferenciados.

Compre non caer en xeneralizacións, aprender a matizar e a diagnosticar correctamente, co obxecto de unificar criterios e promover as medidas correctoras máis axeitadas.

Existen moitas definicións de **violencia**, tantas como tipos. Hai unha coincidencia, por parte dos especialistas, en considerar que as condutas que agreden física ou psicológicamente a alguén, pretendendo causar dano, teríamos que identificalas como violentas. Son moitos os tipos e matizacións conceptuais sobre a violencia a directa, a física, a psicolóxica, a estrutural, a simbólica, a de xénero... Mesmo fenómenos que noutras épocas non eran percibidos como violencia, hoxe, por sorte, son considerados socialmente intolerables.

Cando falamos de **conflicto** e de conflictividade tendemos a consideralo de maneira negativa porque habitualmente confundimos os conflitos en si mesmos coa maneira en que tradicionalmente os resolvemos, é dicir, coa forza, imposición, dominación, violencia ou guerra, no peor dos casos. Os conflitos existiron, existen e existirán sempre, son o resultado de diferenzas de criterios, de aspiracións, de proxectos, de desexos entre persoas, grupos ou nacións. A clave non está en negalos senón en aprender a resolvelos pacíficamente por medio do diálogo, do entendemento, de negociación, do acordo. Os conflitos, así entendidos, non son algo a ver con resignación ou temor senón como un reto, como algo que temos que afrontar, mesmo os conflitos poden servir, nalgúns casos, como instrumentos de cambio positivo e de transformación social.

Nalgunhas ocasións os conceptos de conflito e o de violencia confúndense, mesmo tendemos a considerar que a violencia é "natural" ós seres humanos. Nada máis lonxe da realidade científica. A **agresividade**, como estado de alerta diante do perigo, real ou ficticio, si podemos considerala como innata. Sen embargo, a violencia apréndese, é o resultado dunha longa aprendizaxe, con actores moi diversos. Polo mesmo, a violencia tamén podemos desaprendela.

Referíndonos á chamada **violencia escolar**, á violencia entre iguais, ó matonismo, ou o bullying, deberíamos analizar as situacións de acoso, de intimidación ou de victimización, cando un alumno ou unha alumna resultan agredidos, física e/ou psicolxicamente, de forma reiterada por outro alumno ou por un grupo. Debemos ter en consideración que a violencia escolar conleva aparelado, ademais, un triángulo inevitable formado polos agresores, as vítimas e os espectadores; tres grupos distintos que merecen e necesitan, á súa vez, protocolos e tratamentos educativos diferenciados.

A **disciplina** é unha necesidade persoal e social. Insistir nesta necesidade, aínda que na actualidade ten connotacións negativas, fai referencia ao respecto as normas democráticas de convivencia, elaboradas e asumidas como propias por todos os sectores implicados, sexa na aula ou no centro.

As **conductas disruptivas** pertencen a unha categoría de conductas perturbadoras do clima da clase, pero non violentas nin atentatorias contra a integridade e a dignidade dos demais. Son de alta frecuencia, acontecen a diario nos centros educativos e están ligadas, xeralmente, á desmotivación, ó aburrimiento e á ausencia de éxitos académicos, coa búsqueda de protagonismo. Trátase de comportamentos como chegar tarde a clase, falla de hábitos de traballo, non realizar as actividades, non sacar o material, molestar aos compañeiros, xogar dentro da clase, mentir, berrar, non aceptar as normas. Ademais hai que engadir outras problemáticas na relación socio-familiar: problemas familiares graves, proximidade as drogodependencias, carencias afectivas, culturais e sociais.

2. CARACTERISTICAS DO CENTRO

O Colexio Concertado Luís Vives é de titularidade privada, dependiente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Está situado na comarca do Eume, no Concello de Pontedeume, provincia de A Coruña. Na capital municipal, Pontedeume, o comercio, o turismo e a pesca son as principais actividades económicas. A poboación total do Concello é de 8619 Habitantes, dos cales 1,80 % é poboación estranxeira. A idade dos pais dos nosos alumnos está comprendida entre os 22 e os 55 anos. O nivel cultural xeral é de estudos primarios. A relixión máis practicada é a católica. A actitude dos pais ante a educación impartida no centro é positiva. Máis do 50% dos pais emprega o galego como lingua cotidiá. As actividades extraescolares máis demandadas son as TIC, idiomas e deportes. O rendemento escolar é máis satisfactorio na educación infantil e primaria ca en secundaria. O centro está adaptado para acoller alumnos con discapacidade física.

3. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN.

Situación actual da convivencia no Centro.

RECOLLIDA DE INFORMACIÓN: A avaliación da situación actual da convivencia no centro levouse a cabo a través de enquisas realizadas a todos os membros da comunidade educativa (alumnos, familias, profesores) e da revisión e análise do funcionamento do centro nos últimos anos (incidencias, conflitos, medidas disciplinarias adoptadas, partes, etc.) a través da opinión dos profesores, xuntanzas de avaliación....

A posterior reflexión e análise da información amosa os seguintes resultados:

PROFESORES: a valoración global da convivencia, segundo o profesorado, oscila entre normal e moi boa. Aprecian que a meirande parte dos conflitos se dan entre os alumnos, sobre todo faltas de respecto e agresións de tipo verbal. Tamén aparecen con bastante frecuencia conductas disruptivas na aula, indisciplina e faltas de respecto.

En canto ás iniciativas consideradas máis útiles para mellorar a convivencia, aparecen: unificar criterios de actuación entre o profesorado, reforzar a disciplina e mellorar os recursos do centro. Conceden menor importancia a todo o relativo á súa formación en resolución de conflitos e mediación. As puntuacións menos relevantes son para a participación das familias.

FAMILIAS: os pais/nais pensan que a relación entre os distintos elementos da comunidade educativa é moi positiva. Consideran as súas relacións co equipo directivo e co profesorado entre boa e moi boa, e califican de xeito máis baixo as que se dan entre alumnos e profesores e entre o propio alumnado. Dun xeito correlativo perciben que os conflitos danse con máis frecuencia nestes dous últimos casos, sen concederlle unha gran importancia. En xeral, valoran que o grao de conflictividade é moi baixo.

As familias, igual que os profesores, opinan que os conflitos que se teñen producido con máis frecuencia nos últimos anos son os referidos a indisciplina (insultos, malas contestacións, faltas de respecto...) e as agresións verbais entre alumnos.

As medidas de mellora apuntadas como máis útiles son as encamiñadas a reforzar a disciplina no centro.

ALUMNADO: o alumnado califica o clima e relación entre os compañeiros/as de excelente. Tamén valora de xeito positivo a súa participación e a organización entre eles. Aparecen máis discrepancias na valoración do labor dos delegados de grupo: son máis numerosas as calificacións positivas, pero aparece unha porcentaxe significativa de opinións negativas. O alumnado percibe a súa relación cos profesores/as como boa en xeral. Califican a calidade e competencia dos mesmos como axeitada, especialmente o traballo dos titores.

Consideran que o funcionamento e organización xeral do centro son correctos, así como a disciplina.

RASGOS MÁIS RELEVANTES DA NOSA CONVIVENCIA

EDUCACIÓN INFANTIL.

A Educación Infantil se configura como un período decisivo na formación da persoa. Nela asentanse os fundamentos para unha sólida aprendizaxe de habilidades básicas, hábitos de traballo, convivencia ordenada e respecto hacia os demais.

Para conseguir un grupo cohesionado son imprescindibles as actividades grupais que axudan aos nenos e nenas a apreciar a importancia do **traballo cooperativo** para lograr un fin común: cada neno/a representa un eslabón da cadea do que non se pode prescindir, por iso todos cooperan co seu traballo diario que serve para interiorizar conceptos, xogar, decorar a clase...

O profesor/a é o orientador: para os alumnos/as é o modelo a seguir por iso a súa relación é filial, asumindo que é como os séus propios pais.

Dentro do grupo sempre hai afinidades entre os nenos/as, algún sobresaie entre todos pero ese liderazgo só se manifesta no xogo libre, onde os papeis que asumen os asignan eles mesmos.

Tratamento das normas. A partir do diálogo e o respecto aos demais chegase a unha convivencia pacífica e democrática. As normas de convivencia na aula son imprescindibles. Desde o primeiro momento foméntanse a través do diálogo, outorgando responsabilidades aos nenos/as e promovendo actividades grupais:

- Intercambio de coñecementos e vivencias cando se fala das distintas unidades didácticas, respectando a quenda de palabra.
- Establecemento diario de quendas para o reparto de materiais de traballo, para que todos asuman esa responsabilidade.
- Realización ordenada de actividades grupais de elaboración de murais ou traballos de decoración relacionados coas unidades didácticas, para que cada un teña o seu cometido.
- A tarefa de recoller os materiais ou xoguetes empregados é tamén asumida polos nenos/as. Intervenien todos para poder cambiar de actividade. A clase debe estar ordenada.

Resolución de conflitos. Os poucos conflitos que se producen son innatos á etapa psicolóxica na que se atopan os nenos/as, fundamentalmente o egocentrismo: a típica reña por non querer compartir un material ou un xoguete, non querer xogar cun determinado compañeiro, interromper as explicacións desviando a atención dos compañeiros...

O diálogo e a non violencia son a práctica xeralizada á hora de resolver os conflitos. Na clase potenciase a diversidade e a solidariedade. Os materiais son para compartir entre todos, polo que se respeta e axuda ós compañeiros, se segue un orden, se mantén a limpeza, se rexeita a violencia e a agresividade (xogos, xoguetes, situacións) e calquera clase de discriminación e intolerancia.

As conductas non desexadas elimínanse co traballo cotián baseado no respecto, o diálogo, a cooperación, a responsabilidade e o rexeitamento á discriminación e á violencia. As medidas correctivas son unha norma máis dentro da aula. Os nenos/as recoñecen cando non actúan correctamente, polo que asumen totalmente a súa culpa e saben que cando isto ocorre quedan fora da tarefa, do grupo ou do xogo que se realice nese intre. Como nesta etapa intervir en toda as tarefas diarias é necesario para convivir na aula, rapidamente cambian as conductas inaxeitadas. A meta está en ser importante para os compañeiros/as e o profesor/a.

Relación coas familias. Partindo da base de que nesta etapa os nenos/as esixen un coidado e protección continuado, as familias implícanse de cheo na evolución e comportamento dos seus fillos/as no colexio:

- Mantéñense conversacións con elas a diario.
- Aportan datos fundamentais á hora de coñecer ós nenos/as.
- Interven nas reunións que se celebran no colexio.
- Implícanse nas actividades: proporcionan materiais para empregar na aula, reciben información dos contidos traballados, axudan na elaboración de materiais para festas.....

EDUCACIÓN PRIMARIA.

O clima da convivencia no EPO é moi bo e non se aprecian problemas a destacar, únicamente as incidencias propias do traballo diario.

No primeiro ciclo son bastante homoxéneos, polo que resulta doado lograr un clima de relación e cohesión axeitado, no que todos participen e aprendan a respetarse. No segundo e terceiro ciclo os liderazgos xa representan unha fonte habitual de conflitos nas relacións interpersoais.

Tratamento das normas. As normas vanse introducindo de maneira natural, a través de técnica do caso: fíxanse as medidas que van xurdindo os conflitos. Deste xeito establécense prioritariamente as normas que regulan as situacións máis frecuentes e significativas. Nalgunha aula as normas están escritas á vista do grupo-clase. En xeral os nenos vanas interiorizando sen maior dificultade.

Os conflitos. Non existen grandes conflitos, e os que xorden desenvólvense habitualmente de forma dialéctica, aínda que algunha vez rematan en violencia física, pero de pouca importancia. Normalmente ocorren durante os xogos (dificultade para admitir a derrota, insultos, impoñerse pola forza...), tamén danse disputas polo material ou por adquirir protagonismo, algún caso de disrupción na aula, asistir sen material a clase ou non realiza os traballos.

Modificación de conducta. Ante as conductas inaxeitadas o primeiro paso é a reflexión: que o neno/a asuma o seu erro, que sexa capaz de analizar a gravidade da súa conducta e avaliar as consecuencias da mesma, e que se arrependa e procure correxila. Se é procedente acódesese ás normas onde están tipificadas as sancións. O profesor é o que decide o castigo, os nenos asúmeno con naturalidade e obtéñense bos resultados.

A relación coas familias . En xeral é unha relación fluída. Ao tratarse de grupos pequenos o intercambio é case diario, sobre todo no primeiro ciclo.

O grao de implicación dos pais/nais no seguimento e colaboración nas aprendizaxes dos seus fillos/as varía dunhas familias a outras, pero non se aprecian casos de posturas encontradas entre profesores e pais. Algúns deixan todo o peso nas mans do profesor/a e outros preocupáanse de forma inconstante.

EDUCACIÓN SECUNDARIA.

Do mesmo xeito que no Informe do Consello Escolar de Galicia sobre Convivencia e os estudos das distintas administracións e colectivos preocupados polo tema, no noso centro o alumnado que presenta máis problemas é o da ESO. Nesta etapa a conflictividade, sen chegar a ser grave, é superior e demanda moita máis atención pola nosa parte. As características particulares da escolarización nestes cursos impoñen un certo nivel de conflito nas relacións. A asistencia obligatoria ata os 16 anos, que esixe determinados cumprimentos e a aceptación de normas, non sempre debidamente consensuadas, provocan dificultades con determinados alumnos. Así, nos últimos anos atopámonos con situacións conflictivas derivadas de problemas de tipo académico: alumnos con un alto grao de desmotivación polas aprendizaxes escolares, que remataron en abandono escolar e provocaron frecuentes problemas de convivencia.

Tratamento das normas. Establécense no primeiro trimestre do curso de xeito consensuado en cada aula, coa supervisión do profesor titor e o asesoramento do Departamento de Orientación, según se detalla no Plan de Conducta. Os resultados acadados varía en función das características de cada grupo e da colaboración e seguimento de todo o equipo de profesores.

Os conflitos. Ademais dos especificados no primeiro parágrafo, a maioría teñen que ver con situacións de indisciplina, faltas de respecto entre o alumnado e hacia o profesorado. Atopámonos tamén con algún caso de illamento e rexeitamento social.

Modificación de conducta. Ó igual que no EPO, ante as conductas contrarias ás normas de convivencia, trátase de buscar a reflexión e análise do alumno/a, a asunción de responsabilidades polo incumprimento do compromiso adquirido co grupo, tal como se explica no Plan de Conducta que levamos desenvolvendo nos últimos cursos. Os castigos son preferentemente educativos, trátase de resolver os conflitos de xeito pacífico a traves do diálogo, e da escoita das posturas encontradas. As labores de mediación as realiza o Departamento de Orientación e os titores/as maioritariamente, pero tamén colaboran outros profesores.

A relación coas familias. En liñas xerais é unha relación fluída. A gran maioría dos pais/nais mostran preocupación pola situación académica e conductual dos seus fillos/as e colaboran co centro. Tamén atopamos casos nos que resulta difícil establecer liñas de actuación conxunta e incluso, a veces, non é posible establecer comunicación.

4.OBXECTIVOS.

OBXECTIVOS XERAIS:

- 1.Aprender a convivir dun xeito pacífico, democrático e igualitario.
- 2.Desenrolar a convivencia tolerante e solidaria.
- 3.Educar nos valores cívicos e democráticos (Declaración Univeral dos Dereitos Humans)
- 4.Fomentar a igualdade entre homes e mulleres (Lei de medidas de protección contra a violencia de xénero)

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Sensibilizar a toda a comunidade educativa para o recoñecemento dos conflitos.
- Motivar a toda a comunidade educativa sobre a importancia dos feitos conflictivos para a convivencia.
- Abordar os conflitos como unha parte positiva e necesaria dentro da educación da nosa convivencia.
- Diseñar entre todos o esquema básico para abordar de xeito conxunto os conflitos de maior ou menor envergadura que se dan na nosa vida escolar.
- Diseñar e definir cal dos modelos de resolución dos conflitos pode ser máis axeitado segundo o feito e as súas circunstancias:
- Modelo punitivo
- Modelo constructivo (asertivo)
- Aprender desde o conflito, todos xuntos, dun xeito activo e cooperativo.

4.a – A NIVEL DOS ALUMNOS. Derivado dos obxectivos anteriores imos definir qué obxectivos pódense propoñer a nivel do alumnado para que repercutan directamente no modelo pacificador que desexamos. Os obxectivos non só poden referirse á conducta ou á actuación concreta nos conflitos; estes obxectivos son amplos e se refiren a todos os comportamentos dos alumnos, tendo en conta a idade cronolóxica e de desenrolo no que se encontran, toda a súa formación integral persoal e as características en sí ,que xa se describiron , do que supón a convivencia dentro dun centro educativo. (todos estes obxectivos na súa maioría vense reflectidos no PAT).

- 1.Promover a adquisición e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, o control de sí mesmo a autoestima, a

autocrítica, o control emocional, o recoñecemento dos erros e o aprendizaxe derivado deles. (DOGA 13 xullo 2007)

2.Sensibilizar ao alumnado da importancia do seu papel activo tanto no recoñecemento das conductas disruptivas como na elaboración das medidas necesaria para a evitación dos conflitos.

3.Desenrolo de habilidades sociais para relacionarse, cooperar, traballar en equipo, poñerse en lugar doutro e valorar as ideas dos demais.

4.Desenrolo da conducta asertiva para favorecer a comunicación e as relacións flexibles e constructivas.

5.Desenrolo da capacidade de defender e afirmar os propios dereitos sen detrimento do diálogo e do entendemento estimulando a autoprotección e a seguridade persoal.

6.Valorar as actitudes relacionadas co liderazgo. Aprender a manexar as cualidades de líder de xeito positivo, dominando as propias cualidades para poder facer delas un instrumento de empatía e entendemento.

7.Tomar conciencia do valor que ten a toma de decisións por consenso de xeito que todos poidan participar nelas.

8.Participar activamente na elaboración do protocolo que encauce as actuacións pertinentes dos compoñentes da comunidade en caso de conflitos.

b. A NIVEL DOS PROFESORES.

Unha vez acordado na clarificación de conceptos o que entre todos entendemos como conflito, convivencia, etc, e unha vez acordado que en calquera actuación é necesaria a colaboración dos tres sectores da comunidade educativa (alumnado, profesorado e pais/nais) imos fixar algúns obxectivos que axuden , desde o papel do profesorado, a construír os cimentos do noso entendemento.

- Sensibilizar ao recoñecemento do conflito, aínda que non teña carácter agresivo ou conflictivo.
- Desenvolgar actividades cooperativas e reflexivas entre os alumnos/as (PAT) para previr as conductas disruptivas.
- Localizar o rol de cada membro do grupo dos alumnos dentro dos feitos que tratamos. (Este obxectivo apóiase na parte do PAT na que trazamos o perfil do grupo a través do sociograma)
- Desenvolgar procesos de reflexión e acción que axuden ao profesorado a tratar os problemas do alumnado .
- Establecer, en relación co resto do centro, os canles oportunos para chegar a unha intervención sistemática cando os conflitos xa se produciron.

- Desenvolgar ao principio de curso actividades dirixidas ao consenso de normas e as súas consecuencias (este punto pódese encontrar desenvolgado no noso Plan de Prevención).
- Coñecer aspectos teóricos da convivencia entre iguais, entre profesor-alumnos, entre culturas e a convivencia ante a diferenza de xénero.
- Determinar as ferramentas prácticas para a detección e abordaxe de conflitos e a resolución destes .

- Clarificar o papel de cada un nas vías de actuación acordadas para previr situacións de desprotección o de risco que se detecten a partir de conflitos producidos no Centro.
- Estimular a implicación de todos na adaptación e posta en marcha duns principios mínimos nos que podamos traballar conxuntamente.

4.c. A NIVEL DOS PAIS.

O máis importante do traballo cos pais é conseguir a súa implicación en todo o proceso educativo dende o seu lugar . Para iso desenroláronse actividades dentro do PAT e a Programación do Departamento de Orientación, polas que os pais estarán informados dos medios que se empregan dentro do centro na convivencia habitual, e das medidas que se toman nos casos de condutas disruptivas, así como todo o recollido no Regulamento de Réximen Interno. Consideramos como obxectivos fundamentais:

- Sensibilizar aos pais/nais da importancia de colaborar dentro da familia con normas o principios educativos que poidan apioar o traballo escolar.
- Favorecer a reflexión das familias sobre a importancia do estilo de interacción familiar.
- Facer reflexionar aos fillos/as sobre os seus propios feitos sempre que haxa queixas dos demais, e tamén cando eles se senten agredidos, polo profesorado ou por outro compañeiro.
- Dotar as familias de ferramentas para detectar o grao de implicación e o rol que desenrolan os seus fillos dentro do grupo e dos conflitos.
- Informar as familias das características psicosociais da etapa na que están os seus fillos/as.
- Establecer canles de relación e comunicación constantes co fin de previr os conflitos máis graves.

5.PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN:

Dentro dos procedementos de actuación que desenrolamos de forma práctica temos:

- 5. a. Regulamento de Réxime Interno.
- 5.. b.O Plan de Conduta ou PLAN DE PREVENCIÓN

No primeiro que se adxunta vense reflectidos os dereitos y deberes dos alumnos, a clasificación das faltas e os castigos que se deriven.

5.a. REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO (ya indicado anteriormente)

REPRESENTANTES DOS ALUMNOS/AS

OS DELEGADOS/AS DOS ALUMNOS/AS

Cada grupo de alumnos terá un delegado/a e un subdelegado/a, que se eleixirán ao principio de curso (ver Plan de Prevención).

A recusación destes cargos terá lugar se existe un acordo da maioría absoluta do grupo que os elixiu, logo dun informe razoado dirixido ao tiror/a. Se se dese o caso do cesamento, deberase facer unha nova convocatoria de elección nun prazo de quince días desde a recusación do seu nomeamento.

As **funcións** dos delegados/as son as que seguen:

- Asistir ás reunións da Xunta de delegados e participar nas súas deliberacións.
- Expoñer ás autoridades académicas as suxerencias ou reclamacións do grupo ao que representan.
- Fomentar a convivencia entre os alumnos e as alumnas do seu grupo.
- Colaborar co profesorado e co equipo directivo para o bo funcionamento do colexio.
- Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións de colexio.

Os delegados/as non poderán ser sancionados polo exercicio das súas funcións como voceiros do alumnado, nos termos da normativa vixente.

A XUNTA DE DELEGADOS/AS:

A Xunta de Delegados/as estará composta polos representantes dos alumnos/as de cada grupo e os representantes no Consello Escolar.

As reunións farase en pleno ou comisións que reúnen aos delegados dun curso ou dunha etapa educativa.

As funcións da xunta son:

- Achegar ao equipo directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo do centro por iniciativa propia ou por petición daquel.
- Informar aos representantes dos alumnos/as no Consello Escolar dos problemas de cada curso.
- Recibir información dos representantes dos alumnos/as no Consello Escolar sobre os temas tratados nel.
- Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste.
- Elaborar propostas de modificación do RRI dentro das súas competencias.
- Informar aos alumnos/as do centro das actividades da xunta de delegados.

- Achegar propostas ao Xefe de Estudos sobre os horarios e aos Xefes de Departamentos sobre as actividades extraescolares da área correspondente para a súa organización.
- Debatir os asuntos que vaia tratar o Consello Escolar no eido da súa competencia e achegar as propostas de resolución aos seus representantes nel.

A Xunta de delegados deberá ser oída nos seguintes casos:

- Na realización de probas de avaliación e exames.
- No establecemento e desenvolvemento das actividades culturais e deportivas.
- Na representación de reclamacións e alegacións nos casos de abandono ou incumprimento das tarefas educativas por parte dalgún membro do Equipo Docente.
- Nas alegacións e reclamacións sobre a obxectividade e eficacia no proceso de avaliación.
- Nas propostas de sancións aos alumnos/as no caso de apertura dun expediente disciplinario.

O Plan de prevención naceu dunha necesidade de poner en marcha unha serie de actuacións conxuntas que, levadas a cabo en todos os cursos, foran creando nos nosos alumnos/as unha certa autorresponsabilidade a través da reflexión dos seus feitos e o análises das consecuencias. É un plan que se desenvolve nas horas de titoría en canto a os acordos entre profesor e alumnos pero que tense que ver reflectido logo nas conductas de todos o longo de todo o horario escolar.

5.b. DESENROLO DO PLAN DE PREVENCIÓN.

INDICE:

1. Fundamentación
2. Obxectivo
3. Participantes
4. Desenrolo
5. Temporalización
6. Avaliación

1. FUNDAMENTACIÓN. Este Plan de Conducta defínese como **integral**, **transversal e cooperativo**. Integral porque con él inténtase educar tanto os aspectos comprensivos da persoa como a madurez afectiva nas relacións cos demais. Por outra banda, dentro de cada grupo atenderase tanto ao respecto entre iguais como aquelas diferencias persoais que fan difícil a integración dalgúns suxeitos. É cooperativa porque estamos seguros que só pode saír adiante se todos os componentes participan con igualdade e están seguros de que pode funcionar. É transversal porque se apoia en todos os contidos transversais do Plan de Centro: educación para a paz, educación non sexista, educación multicultural, convivencia, etc..

A posta en práctica do Plan apóiase no principio básico de que para educar é necesario o establecemento de límites, polo tanto a disciplina escolar é o punto de partida. O MODELO DE DISCIPLINA ESCOLAR condiciona os resultados que se pode acadar na conducta global dos alumnos. A creación de normas adoitadas por consenso dos alumnos coa axuda dos adultos e a súa posta en práctica reflicten en que os nenos non só se limiten a obedecer ou transguedir a norma imposta, pola contra está acadando os límites nos que cada un participou para definir os “porqués e os cómo”, e a necesidade deles para o entendemento e o respecto conxunto.

Por todo isto o primeiro paso é conseguir o entendemento co alumnado para, xunto con eles, definir con claridade aquelas actitudes e comportamentos que son molestos ou intolerantes, así como as conseguíntes correccións se non se cumpren. É fundamental o papel activo do alumnado. Eles son os que elaboran as súas normas, así non as desobedecen, máis ben son desleales ante os acordos do grupo.

2. OBXECTIVOS.

-Desenrolar a autoresponsabilidade do alumno, co fin de favorecer o coñecemento de si mesmo e a madurez para afrontar as relacións cos outros.

-Favorecer e estimular o respecto entre iguais.

- Favorecer o respecto ás diferenzas.

- Recoñecer a figura do profesor co respecto necesario dentro do proceso ensino-aprendizaxe.

- Aprender a defender os propios dereitos apoiándose nos acordos e na razón.

-Crear e articular os mecanismos necesarios para facer fluídas as relacións entre os distintos profesionais que participan no Plan, e chegar a tomar acordos conxuntos e prácticos neste desenrolo.

-Marcar liñas conxuntas de actuación por enriba dos estilos personais.

PARTICIPANTES:

- . Titores
- . Profesores
- . Xefe de Estudos
- .Director.
- .Orientadoras.

DESENROLO.

1º. Elección do delegado.

Nesta fase desenrólanse una serie de actividades dirixidas á toma de conciencia da importancia que ten o papel do delegado e o propio proceso que imos vivir para encontrar a persona adecuada. Defínese o mellor perfil segundo os propios alumnos de acordo coas actividades que logo terá que facer de forma responsable . Terá que ser o responsable do seu grupo na Xunta de Delegados e fronte o Equipo Directivo. Esta é unha parte fundamental do Plan para todo o desenvolvemento posterior, polo que non se debe escatimar o tempo a dedicarlle. O titor debe facer as sesións necesarias de debate e acordo hasta que se posta en común leve a un consenso, e entón elíxese o delegado.

2º Dereitos e deberes dos alumnos/as dentro do grupo clase.

Unha vez elixido o delegado, o seguinte paso é por en coñecemento dos alumnos/as a través do Regulamento de Réxime Interior e outro documentos cales son os seus dereitos, polo feito de ser alumnos/as, e cales son as súas obrigas. O titor/a empregará aquela metodoloxía máis axeitada ao grupo para explicar e facer interiorizar eses comportamentos básicos que veñen ordenados por un documento de orden superior ao que todos, tanto profesores como alumnos, estamos obrigados.

3º. Elaboración grupal de normas de conducta de cada curso, segundo o perfil que presente.

Nesta fase cada grupo de alumnos realiza co seu titor unha serie de actividades orientadas a definir aquelas condutas que no grupo son incómodas para todos, tanto alumnos como profesor, ben porque non deixan dar a clase, por faltas de respecto, por exceso de alboroto, etc... É importante que, chegada esta fase, a través do PAT e das actividades do Programa de Orientación, estea ben establecido o perfil de cada grupo, tanto en comportamento, en rendemento e nas relacións sociais (sociograma) porque iso vai marcar as diferenzas entre grupos a niveles moi prácticos nas relacións diarias. Neste nivel é onde se poñen en xogo os obxectivos máis abstractos e toman forma real en feitos, palabras, encontros e desencuentros. É a fase de poñer en práctica o entendemento, o razoamento e a madurez de cada un.

O mellor é que se seleccionen dous ou tres condutas nada máis , so aquelas que incordian a todos, para que se poidan definir de forma moi precisa e que queden acordadas con claridade. Estas condutas non desexables quedarán de alguna maneira reflectidas nun documento sinxelo de manexar para que o tratamento da conduta sexa fluída e fácil.

4º . Elaboración das consecuencias do incumprimento das normas: unido ao punto anterior, a continuación levarase a cabo actividades destinadas a acordar entre todos as consecuencias que, o incumprimento das normas establecidas entre todo o grupo, poden ter para aquel alumno que olvide o seu compromiso. Non se falará nunca de castigos, posto que non o son, en todo caso o alumno que incumpre poderá ser desleal

aos seus compañeiros e os seus acordos. Deste xeito cúmprense varios obxectivos: autoresponsabilidade, respecto mutuo, lealtade, madurez, razoamento, etc...

O titor/a coidará especialmente de que as consecuencias do incumprimento das normas non sexan punitivas. Os alumnos en xeral tenden a adoitarse castigos moi duros por todo, repiten o modelo que sempre recibiron, na casa, na escola, etc. É necesario desenrolar neles o traballo constructivo: cada norma incumplida levará consigo unha actividade reparadora, que teña que ver directamente coa falta cometida. Neste caso se propoñen diversas actividades reflectidas no punto "actividade".

Unha vez acordadas as consecuencias do incumprimento de cada norma ten que quedar moi claro para todos o que sucede cando as normas se rompen, de xeito que o que inclumpe os acordos xa sabe el mesmo cal é a consecuencia e non ten que ser o profesor o que lle manda cumprir a actividade consecuenta, e el e todo o grupo sabe o que ten que facer. Así conseguimos que a dinámica de relación do grupo funcione por si mesma sin que sexa o profesor o que sempre estea ordenando o que se debe facer, son eles mesmos os reponsables.. Esta parte tamén será recollida no documento de normas e será documento de uso anual para o grupo.

O longo do curso, no proceso de avaliación, serán revisadas e modificadas aquelas normas e consecuencias que non funcionen, ou que pola casua que sexa, o grupo desexe variala. Ten que estar aberta aos cambios e sempre axustándose ao ritmo dos cambios do grupo.

METODOLOXÍA:

En xeral a metodoloxía que vai a primar en todo o proceso deste plan e ó diálogo e o entendemento a través da posta en común. No é importante o tempo que leve chegar ao paso seguinte se se vai conseguindo a interiorización das condutas tolerantes.

A través do dialogo, a posta en común , o respecto as intervencións de todos, o respecto aos ritmos individuais e variados que se dan nos distintos alumnos, e a valoración dos resultados obtidos, o propio método e as formas democráticas de levalo consegue por se mesmo ser o medio educativo por excelencia. Neste caso o método de traballo convértese no modelo a seguir no propio tratamento das condutas disruptivas,é a vivencia práctica dos obxectivos teóricos que pretendemos inculcar.

ACTIVIDADES:

- 1.Explicación polo titor/a das funcións do delegado dentro da clase e co resto do Centro.
- 2.Definir individualmente qué é un delegado e qué cualidades debe ter.
- 3.Debater en grupo as conclusións individuais. Chegar á posta en común do perfil do delegado.

4. Elexir nun documento individual cáles dos compañeiros parécenos que cumpren as condicións para delegado.
5. Trabállase en debate as contradición que poda haber entre o que é obxectivamente bo e que compañeiro nos gustaría máis.
6. Elección do Delegado.
7. Dedicar unha sesión para o coñecemento dos dereitos e deberes que será entregados por escrito a cada un dos alumnos.
8. Debate para por en común as conductas que máis nos incordian na convivencia do grupo.
9. Nun protocolo individual cada alumno expresa as conclusións da súa opinión.
10. Posta en común e recollida no encerado
11. Elección por votación a man alzada das máis importantes, que non pasen de 3 ou 4.
12. Recóllense nun documento ou cartel exposto na clase, e que sexa visible.
13. Da mesma forma, se tratan as posibles sancións correspondentes a cada conducta incumplida e quedan reflectidas noutro documento ao lado, igualmente visible.

4º Tratamento de conductas que non responden coas medidas anteriores:

O proceso normal do Plan é que as conductas habituais que interferen no desenrolo da clase e que son máis ben desacordos e pequenas desobediencias ou desencontros, vaian evolucionando co Plan de Prevención hacia positivo a través da toma de conciencia da responsabilidade que ten cada un dentro do seu grupo para que a convivencia sexa mellor para todos.

Cando as conductas non desexadas non se vain extinguindo ou regulando para un mellor entendemento o proceso a seguir entrará na fase de castigos ou sancións que non son reguladas polo grupo.

PARTE DE CONDUCTA.

Este é un documento no que o propio alumno explica a situación na que se produciu a súa conducta e reflexiona acerca do sucedido, do seu papel nos feitos, hasta chegar á autovaloración da súa conducta e o recoñecemento da súa falta.

O Parte sempre ten que ser escrito coa axuda do titor/a ou dalgún membro do Departamento de Orientación, posto que o que se desexa é unha reflexión e un recoñecemento fronte á autoridade.

TEMPORALIZACIÓN.

- Primeiro trimestre: elección de delegado, dereitos e deberes, e elaboración das normas de conducta.

No resto do curso, dunha maneira constante, farase avaliación dos resultados de:

- 1.Practicidad das normas que eles mesmos elixíron
- 2.Aplicación destas en función das necesidades
- 3.Revisión daqueles puntos que non estean axuntados e que eles mesmos vaian cambiando por impracticables.
- 4.Revisión do cumprimento de todos os apartados do Plan, tanto entre alumnos como entre o persoal docente. Adaptación continua de normas.
- 5.Rematado o curso, avaliación final e valoración de resultados, tanto por parte dos alumnos como do profesorado.

AVALIACIÓN:

Levarase a cabo ao longo do curso, trimestralmente e ao final, para a obtención dos resultados globais.

A avaliación farase por medio de enquisas aos alumnos, pola recollida de datos dentro da hora de titoría, pola observación da evolución das condutas que se desexa extinguir, rexistradas nunha folla de observación, e pola recollida da información por parte do Departamento de Orientación.

Farase unha revisión profunda de todo o plan nos grupos nos que continuamente aparezan condutas disruptivas maiores, como condutas violentas, tanto verbales como físicas, acosos, desprecio por algún alumno, marxinação constante, etc..

7. TRATAMENTO DAS CONDUCTAS DISRUPTIVAS.

1. Fálase co alumno e se recorre ao entendemento . Aplícanse as medidas reeducadoras a través do parte de conducta e o compromiso adquirido no recoñecemento das súas reponsabilidades. Evaluación da situación e do comportamento.

O titor/a resolve a situación neste nivel.

2.Intervención do Departamento de Orientación que recolle a información do titor/a e ten unha entrevista co alumno . Nesta fase aínda estamos no recoñecemento do problema e traballando a nivel de resolución pacífica. Actuación oportuna para valorar a situación e o contexto global do problema. (opinión dos outros alumnos/as, dos profesores implicados, etc.)

3. Intervención do Xefe de Estudos e equipo directivo que recollen a información anterior e, en colaboración co titor/a e a orientación, toman as decisións oportunas.
4. Posta en coñecemento dos país. Entrevista para recoller información e comunicarlle as decisións. Apoio ao tratamento do problema desde o punto de vista familiar.
5. Toma de medidas e aplicación do Regulamento de Réxime interior.
- 6 .Posta en práctica dun programa de reeducación no que estean implicados os país e o Centro, no que entre todos academos os compromisos necesarios para erradicar as condutas indesexadas.
7. Entrevista có alumno na que será informado dos acordos tomados , das sancións ou do castigos que se lle poñan con fins reeducadores. Pedirase o seu compromiso na mellora da súa conduta.

Nos casos reiterativos a Dirección tomará medidas que se rixen polo RRI. .En caso de expulsión sempre irá acompañada de traballo escolar que o alumnos terá que presentar á volta á vida escolar normal. Cando o alumno se incorpore terá unha entrevista co Departamento de Orientación co fin de valorar a situación e constatar o nivel de aprendizaxe que se derivou do complemento da sanción. Farase un seguimento a través dos profesores e titor/a do comportamento observado, facendo recollida de datos e valoracións obxectivas.

Se é preciso poñerá en práctica programas de apoio as condutas desexadas nos que tera parte importante a actuacións dos compañeiros e as respostas que podan favorecer ou destruír a mellora do sancionado. O programa será confeccionado polo departamento de orientación e o titor/a e se levará a cabo en todas as horas lectivas co apoio do profesorado e dos alumnos compañeiros .Estes programas serán coñecidos polos país que á súa vez terán un papel importante desde a casa para prestar apoio coa súa actitude á labor do Centro.

8.Nos casos de condutas delictivas e reiterativas tomaranse as decisións desde a o Equipo Directivo para ponerse en contacto coa Inspección, Servicios sociais, etc..

8-TRATAMENTO DO ACOSO.

O acoso, polo carácter de gravidade que ten, precisa da nosa atención de forma especial:

-Prevenición:

Desde o principio de curso a través das actividades do PAT, do plan Xeral de Prevenición e de todas as demais actividades desenroladas, ademais da observación directa e por medio da aplicación de enquisas, o acoso seá un dos puntos da nosa convivencia que máis atención se lle presta. Se é preciso en algún grupo, polos

síntomas que presente, pódense aplicar plantillas de modelo de recollida de datos para detección precoz.

-Tratamento dun caso:

Nos casos nos que se detecte o posible acoso/bullying farase una valoración urxente do asunto. Unha vez reunido o equipo directivo co titor/ a e orientador/a se informará as familias implicadas e farase un informe onde serán recollidos todos os datos e implicacións nos feitos.

No principio a solución pasará por tomar decisión dentro do Centro e cos pais para poder resolvelo de forma constructiva. Se o problema vai a maiores tería que perdirselles a actuación á Inspección Educativa, apoio dos Servizos Sociais, etc.

-Actuacións nun caso confirmado:

1-COA VICTIMA: Farase unha intervención de apoio e protección con programas de estratexias concretas no aprendizaxe da autodefensa. Se é necesario, derivación aos Servizos Sociais.

2-COS AGRESOR/ES: Aplicación do R.R.I. Desenrolo en colaboración cos pais de programas de modificación de conducta e axuda persoal, ou incluso derivación a servizos externos.

3-COAS FAMILIAS: Conseguir o recoñecemento da familia da conducta indesexable do seu fillo/a. Constatar o tipo de conducta que se sigue dentro da familia. Programa de modificación de relacións familiares/filiais. Conseguir a colaboración dos membros da familia nas accións que programe o Centro para a extinción da conducta agresiva. Desenvolvar orientacións nos seus comportamentos e informar sobre posibles apoios externos.

4-CO PROFESORADO: orientación sobre indicadores de detección precoz. Orientación sobre as pautas de actuación axeitadas en cada caso. Prestarlle o apoio e a seguridade por medio da colaboración de todos os membros do Centro. Facer funcionar as reunións tutoriais e de orientación de forma urxente, tantas veces como sexa preciso para atallar o caso.

5-COS ORGANISMOS E ENTIDADES: Colaboración e actuación conxunta.

Despois de prestarlle o tratamento oportuno, realizarase un seguemento específico para constatar se as condutas agresivas están extinguidas real ou aparentemente.

Accións posteriores:

-Reunións posteriores individuais cos alumnos afectados (víctima e agresor/es) e coas familias.

-Valoración das medidas adoptadas, tanto dentro do Centro como na familias, posibles modificacións.

- Revisión dos cuestionarios de detección precoz e prevención en xeral.

-Reforzar co profesorado as medidas de tratamento e extinción.

- Elaboración dun expediente onde se recolla todo o proceso, que quedará a disposición do Consello Escolar e do Claustro.
- Estableceranse normas de confidencialidade na transmisión de información.

9. DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

A difusión levarase a cabo polo Observatorio de Convivencia a nivel de :

- Profesorado. Darase a coñecer no Claustro , nas reunións Departamento de Orientación, a través do PAT. É importante a clarificación dos protocolos e a temporalización no uso deles.

-Alumnos. Ao principio de curso nas titorias e a través dos Delegados. Fomentarase a aportación de ideas pola súa parte se fomentará a colaboración deles en la dinamización e evolución do Plan.

- Pais. Nas primeiras reunións do trimestre, ao mesmo tempo que se lles da a coñecer as normas , os principio xerais do Centro, as programacións, etc, presentaráselles o Plan de forma aberta e participatva. O Consello Escolar e a Anpa serán os encargados, a través dos seus membros, de darllo a coñecer e promover a súa difusión.

-SEGUIMIENTO:

Levarase a cabo trimestralmente seguindo os protocolos de recollida de datos e coa observación directa das condutas . A comisión de convivencia elaborará un informe no que constará as incidencias ocorridas en cada trimestre, tipo de conduta, gravidade e cómo foi tratado ou resolto. No Claustro, a través dos titores/as, o profesorado e o Departamento de Orientación se poñerá en coñecemento de todos as actividades e incidencias de cada trimestre .

Ao final de curso a memoria final recollerá a valoración de obxectivos conseguidos, as condutas máis repetitivas e o resultado das medidas preventivas.

-AVALIACIÓN:

Os indicadores de calidade proporcionarán trimestralmente a marcha do plan. Todas as incidencias serán valoradas polos integrantes da elaboración do Plan, así como a valoración da eficacia das medidas levadas a cabo en cada caso.

Terá que valorarse de forma especial se as medidas de prevención axústanse á realidade, e en qué medida diminúen os casos máis graves de condutas disruptivas. Valoración da consecución de obxectivos.

O informe trimestral será presentado no Claustro e no Consello Escolar.

Ao final de curso, cos informes trimestrais elabórase a Memoria onde se recolla a valoración xeral do curso.

De cara o curso seguinte, iniciarase una revisión do Plan para renovar e mellorar as actividades, protocolos, entrevistas, metodoxías, etc...

PROXECTO LINGÜÍSTICO

CPR. LUÍS VIVES

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

No centro Luís Vives o obxectivo primordial, polo que se refire aos usos lingüísticos son:

1. Garantir a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia.
2. Asegurar a normalización do galego en todos os usos da sociedade.
3. Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso.

Para conseguir estes fins é necesario desenvolver os preceptos da Lei de Normalización Lingüística do colexio como eixe vertebrador pero no que deben implicarse todos os membros do colexio.

MATERIAS E AREAS DE COÑECEMENTO QUE SE IMPARTIRÁN EN GALEGO NAS DISTINTAS ETAPAS:

Educación Infantil:

Respéctase a lingua materna dos nenos que na súa maioría é o galego, os profesores de Educación Infantil fomentan o uso do galego, empreñando o material didáctico en galego: xogos, contos, música..

Educación Primaria:

Na Educación Primaria impartiremos en galego, e dacordo co que dispón a lei, as áreas de: Matemáticas, Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural e Educación para a Cidadanía e Dereitos Humanos.

A maiores e por iniciativa do propio centro, tamén serán impartidas en galego as áreas de Educación Física e Educación Artística. Con esta medida o que se pretende no colexio Luís Vives é que os nenos acaden de maneira rápida e eficaz un bo dominio do galego, de tal xeito que pouco a pouco vaian introducindo dita lingua na súa vida cotiá.

Educación Secundaria Obrigatoria:

Na Educación Secundaria Obrigatoria, e de acordo coa lei, impartiranse en galego as seguintes materias: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Matemáticas e Educación para a Cidadanía. Cando a materia de Ciencias da Natureza se desdobre en Bioloxía e Xeoloxía, por un lado, e Física e Química, por outro, ambas as dúas materias impartiranse en galego.

Ademais das materias determinadas pola lei, a maiores, e por iniciativa do propio centro, tamén se impartirán en galego Tecnoloxía e Educación Física.

MEDIDAS DE APOIO E REFORZO

Como medidas de apoio e reforzo, á hora de axudar ós/ás nenos/nenas con dificultades na comprensión e emprego do galego, o Equipo de Normalización Lingüística propón que cada titor de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria propoña unha serie de lecturas recomendadas para todo o alumnado, pero de especial importancia para todos aqueles nenos/as con problemas á hora de desenvolverse nesta lingua.

Outra iniciativa, que este equipo considera interesante, é facer un concurso de carteis para o magosto, puidendo elaborar estes en pequenos grupos ou un por aula. Esta iniciativa viría a complementar outro concurso de panxoliñas, que no caso de que se puidera dispoñer tempo para preparalo, podería celebrarse no mes de decembro, a semana antes das vacacións de Nadal.

Na etapa de Educación Infantil, promoverase que a maioría dos contos que lles lean as mestras ós seus alumnos/as sexan en galego, de tal xeito que os nenos/as se acostumen desde moi pequenos/as a escoitar o galego como a súa lingua de comunicación diaria. Tentando, ademais, que esta etapa se sume á de Educación Primaria no concurso de panxoliñas, proposto para o mes de decembro.

Neste apartado, tamén queremos facer mención ó papel que os pais deben asumir á hora de familiarizar ós seus fillos/as coa lingua galega. Tentaremos de concienciar ós pais de que sería bo que empregasen o galego como lingua de comunicación cos seus fillos, senón sempre sí nalgún momento determinado, de tal xeito que os nenos/as non interpreten que o galego é unha lingua de uso exclusivo no ámbito escolar.

CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE DO ALUMNADO DO COLEXIO LUÍS VIVES

Os criterios que segue este centro para determinar cal é a lingua predominante entre o noso alumnado serán tres:

1. Mapa lingüístico: de acordo co mapa lingüístico de Galicia, podemos decir que na comarca de Ferrolterra, na que se encontra situado este colexio, a lingua predominante é o castelán. Polo que podemos supoñer que o noso alumnado seguirá este patrón de comportamento.
2. Estatísticas: ó igual que os mapas lingüísticos, as estatísticas indicannos que máis dun 95% das personas que sitas en Ferrolterra empregan o castelá como lingua de comunicación diaria.
3. Enquisas: para confirmar que os datos achegados polos mapas lingüísticos e polas estatísticas son aplicables ó noso alumnado, o centro distribuirá unhas enquisas a través das cales, o Equipo de Normalización Lingüística poderá determinar, cunha marxe de erro mínima cal é a lingua empregada na súa vida cotiá polo 100% do noso alumnado.

MEDIDAS A ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTAN.

DIAGNÓSTICO.

O primeiro paso será o diagnóstico do nivel de competencia lingüística dos alumnos coa fin de detectar as dificultades que poida representar o uso das dúas linguas, tanto a nivel cuantitativo como cualitativo

Asimismo se parte da determinación da lingua habitual na que o alumno con dificultades pode ter maior rendemento nas súas aprendizaxes., o mesmo tempo que se favorece a lingua secundaria, ata conseguir igualar o nivel e as mesmas competencias nas dúas.

As medidas a tomar poderán ser, dependendo dos casos, de dous tipos:

- **A. INTERNO NA AULA.**
- **B. EXTERNO Á AULA.**

A. Dentro da aula o titor e o equipo de orientación dentro de o Plan de Acción Titorial tomarán as medidas oportunas. que serán coordinadas co resto do profesorado . No caso de retraso de máis de dous cursos levarase a cabo una ACI adaptada dentro do horario escolar, co apoio tanto a nivel metodolóxico como contidos e avaliación.

-Pola outra banda as dificultades que non requiran de ACI haberá que fixar as medidas ordinarias de reforzo educativo:

OBXECTIVOS.

- Definir os obxectivos mínimos de área que poida compartir co resto do grupo dentro do horario ordinario.

AGRUPAMENTOS.

-Terase en conta a posibilidade de facer pequenos agrupamentos dentro da aula coa fin de estimular a aprendizaxe entre os propios alumnos. O criterio para os agrupamentos poden ser tendo en conta a homoxeneidade do nivel de competencia lingüística ou pola contra heteroxéneos para estimular a diversidade. Os cambios no tipo de agrupamento pódese adoptar de maneira ocasional dependendo do traballo, ou ben para todo o curso, se os alumnos de reforzo o necesitan.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS.

-Adoptadas as medidas anteriores os contidos serán secuenciados ao longo dos trimestres segundo as dificultades e a progresión de cada alumno en concreto.

METODOLOXÍA

-Naqueles casos nos que o uso da lingua ademais estea afectada por outras dificultades maiores como dislexia, dislalias, disgrafías, etc.. acomodarse a metodoloxía de xeito individual para o correcto rendemento e evolución. Esta adaptación metodolóxica e pedagóxica levará consigo a creación de instrumentos e material adaptado (material visual, estímulos auditivos, mapas, etc...)

FORMAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

-Farase un deseño específico para poder avaliar estes casos de reforzo, aportando aos alumnos diversos medios alternativos, tanto orais como outro tipo de traballos que

permitan coñecer o seu nivel de coñecementos, sen detrimento da lingua de uso habitual.

B. Fóra da aula . Outras medidas ordinarias de atención á diversidade faranse fóra da aula, no horario da propia asignatura, cando o alumno no consiga acadar os obxectivos mínimos coas medidas adoptadas dentro da aula.

REFORZO INDIVIDUAL

Traballarase naqueles casos nos que se vexa afectada significativamente a comprensión de textos sinxelos na súa lingua habitual e o uso desta lingua como vehículo de expresión escrita afectando directamente os resultados nos exámenes.

Dada a dificultade que presentan estes alumnos para o feito da memorización de contidos, farase un desenvolvemento de técnicas de estudo e estratexias de memorización e retención de aprendizaxes .

Todo isto estará apoiado en material específico dosificado en pequenos esquemas, gráficas, escalonando lentamente o nivel de complexidade.

REFORZO GRUPAL.

Reúnense neste grupo todos os alumnos que presenten baixo dominio da lingua galega, que aínda que sexan galego falantes lles custa moito o uso desta lingua en termos de linguaxe formal .

Os contidos a traballar neste grupo desenvólvense a través do traballo sobre os distintos rexistros da lingua, facendo exercicios prácticos do uso desta en situacións creadas especificamente, desde o uso cotián en contextos no formáis, ata chegar a linguaxe científica, específica de cada asignatura.

FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA NAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Nas actividades complementarias a lingua vehicular será o galego. Así na celebración das diferentes festividades do calendario escolar como: a celebración do magosto, a celebración do Nadal, a celebración do Entroido, do Día das Letras Galegas...non só se

utiizará o galego como lingua senón que se fomentarán os costumes e as tradicións galegas.

Desde o Equipo de Normalización Lingüística promoveranse actividades como a realización dun novo número da revista *Semente* integramente en galego, en onde participarán todo o profesorado e os/as alumnos/as de todas as etapas. Tamén se participará nos distintos concursos realizados por Normalización Lingüística como o “Concurso de lema e cartel” en prol da lingua galega e en distintos concursos de creación literaria.

PROXECTO LECTOR DO CENTRO

CPR. LUÍS VIVES

O CPR. LUÍS VIVES atópase situado no centro urbano do pobo, na Avda. Ricardo Sánchez nunca zona escolar. O nivel socioeconómico da comunidade escolar pertence a unha clase media baixa.

RESUMO DO PROXECTO:

Organizar e pór en funcionamento a biblioteca de Centro a fin de permitir o acceso da comunidade educativa a unha serie de recursos que apoiem o programa de ensino e aprendizaxe, integrando a biblioteca no traballo cotián escolar e incluíndo as súas actividades no Plan de Centro.

O desenvolvemento do servizo de préstamos, a integración da biblioteca no horario escolar en coordinación cos distintos ciclos e niveis, as diferentes actividades integradas no Plan de Centro (Semana Cultural, Plan de Animación á Lectura) e a implicación da AMPA establecerá un marco idóneo para a implantación do proxecto.

FUNDAMENTACIÓN

O nivel de competencia lectora dalgúns dos nosos alumnos e alumnas alcanza niveis que nos preocupa. Observamos que a lectura diminúe e se empobrece conforme se van cubrindo as diferentes etapas.

Pensamos que a lectura debe asentarse en todo proxecto educativo ao redor de tres eixos: saber ler, querer ler e poder ler. Queremos actuar en todos eles para reverter, de xeito eficaz e proporcionada, o problema que nos afecta: a débil condición lectora dos nosos alumnos e alumnas.

Estes tres eixos requiren un clima de atracción que permita acceder aos nosos lectores aos máis variadas linguaxes. Aquí a biblioteca escolar, entre outros medios, debe cumprir un papel primordial.

Saber ler e querer ler deben exercerse e confluír en tempo e en espazo. De aí a necesidade do proxecto de biblioteca escolar que faga posible, na súa xusta medida, o poder ler.

A biblioteca escolar é un recurso imprescindible para formar ao noso alumnado na consulta e na selección das diversas informacións, así como na formación do autoconocimiento. Pretendemos que sexa un espazo para o achegamento da lectura de textos literarios e informativos, en formato impreso, audiovisual ou multimedia, para que adquiran o hábito lector e formar unha comunidade lectora.

Desexamos que o noso Centro educativo xoga un papel fundamental no fomento de actitudes positivas en torno ao libro e á lectura. A partir del pódase elaborar proxectos de lectura a medio e longo prazo mediante un plan de actuacións.

Tendo como recurso a biblioteca escolar, garantimos a existencia de fondos en diversos soportes e o seu achegamento ao alumnado.

Actualmente estase realizando a organización de materiais e estase pondo en marcha novamente o servizo de préstamos a alumnos e profesores. Queremos conseguir que este espazo convértase nun lugar de usos múltiples cunha organización adecuada para todos os ciclos. O proxecto lector do Centro complementará e servirá de apoio importante aos diversos proxectos educativos que se desenvolven actualmente no noso Centro: Escola: Espazo de Paz, Atención á Diversidade de Xénero (Coeducación), Centro TIC, O deporte na escola.

O proxecto lector insérese nas finalidades educativas do noso centro:

- * Atención á igualdade de dereitos e deberes entre os sexos desenvolvendo a cooperación e colaboración en traballos de grupo (familiar, veciñal, escolar?).
- * Exercicios de tolerancia e respecto aos dereitos individuais e colectivos, evitando calquera tipo de discriminación negativa ante a raza, relixión e sectores deprimidos da poboación e educando na solidariedade e cooperación.
- * Atención ao desenvolvemento equilibrado da personalidade do alumnado mediante a adquisición de hábitos e técnicas de traballo crítico e creativo e comportamento democrático, fomentando a integración dos membros da comunidade con necesidades educativas especiais.
- * Favorecer e establecer un clima de convivencia e comunicación entre os diversos sectores da Comunidade Educativa, potenciando a participación dos pais e nais na vida escolar e na consecución das finalidades educativas.
- * Fomentar a capacidade de esforzo chegando ao convencemento da súa necesidade para a superación de dificultades e consecución de logros.

OBXECTIVOS.

➤ XERAIS.:

- Utilizar a biblioteca escolar, integrándoa na práctica docente, transformándoa nun centro xerador de actividades que desenvolvan hábitos lectores, competencias escritoras e habilidades de aprendizaxe.
- Implicar e dar participación aos distintos sectores da comunidade educativa nas propostas do programa co fin de contribuír a crear un ambiente lector dentro e fóra do aula e do centro.
- Deseñar e elaborar materiais de traballo e propostas para a promoción lectora.
- Seleccionar libros infantís e de imaxinación, informativos e documentais para dotar as bibliotecas de aula, a biblioteca do centro e realizar recomendacións de lectura.
- Organizar e celebrar xornadas de animación lectora.
- Proporcionar apoio ao programa de ensino e aprendizaxe.
- Acceso da comunidade educativa a unha serie de recursos e servizos.
- Habituar á comunidade educativa á utilización das bibliotecas con finalidades informativas, recreativas e de educación permanente.
- Dotar aos estudantes das capacidades básicas para obter e usar de forma autónoma diferentes recursos e servizos.
- Integrar a biblioteca escolar no traballo cotián do centro.
- Incluír no Plan de Centro e na Memoria Final os seus plans de traballo e actuacións, incluíndo unha avaliación final e unhas propostas de mellora.
- Dotar á biblioteca, de forma permanente, dos recursos necesarios para o seu funcionamento.

➤ ESPECÍFICOS.

EDUCACIÓN INFANTIL

- Experimentar a biblioteca como lugar máximo de encontro cos libros e co resto da comunidade educativa.
- Establecer un primeiro contacto co seu amigo o libro dunha forma lúdica.
- Adquirir hábitos relacionados co comportamento que se debe manter na biblioteca.

EDUCACIÓN PRIMARIA

- Profundar na relación do neno/a con a biblioteca como lugar máximo que permite saciar a súa curiosidade.
- Espertar, crear e estender o gusto pola lectura.
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade a través dos recursos que ofrece a biblioteca.
- Profundar nos hábitos de comportamento na biblioteca.
- Desenvolver hábitos de coidado e respecto polos libros e demais materiais existentes.
- Iniciar aos nenos/as na metodoloxía bibliotecaria.
- Aprender a buscar, organizar e aplicar a información dispoñible.
- Manexar autónomamente os recursos dispoñibles na biblioteca.
- Buscar, clasificar e aproveitar os recursos para ampliar os coñecementos adquiridos no aula.
- Respectar o clima que debe concorrer nunha biblioteca.
- Ampliar a súa visión do mundo, abrir a súa mente a outras realidades e culturas con actitude de respecto.
- Incrementar o interese e o gusto pola literatura como expresión de coñecemento e cultura.
- Espertar a necesidade de elaborar as súas propias creacións.
- Desenvolver hábitos de coidado e respecto polos libros e materiais existentes.

EDUCACIÓN SECUNDARIA

- Utilizar a lectura comprensiva e expresiva como ferramenta de aprendizaxe en calquera tipo de textos.
- Favorecer a autonomía na elección da lectura e na práctica habitual da mesma.
- Fomentar o uso da lectura como un medio para satisfacer os intereses personais no ocio e na relación interpersoal.
- Promover o uso da escritura como ferramenta de autor.
- Coñecer os procedementos habituais para a consulta e catalogación de libros da Biblioteca do centro e da aula.
- Incentivar o uso da linguaxe oral e das Tecnoloxías da información e da comunicación como medios para fortalecer o resto dos ámbitos.

RESULTADOS ESPERADOS CO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.

- O proxecto lector do CPR. LUÍS VIVES pretende recompilar toda a documentación materiais e recursos didácticos existentes no centro que sexan de uso e tratamento por parte da biblioteca, situalos nun espazo especialmente condicionado onde organizar e consultar devandito material mediante un sistema accesible de información centralizado e informatizado.
